Sobre o tratamento dado e o tempo dedicado ao “caso Rubiales” nos espazos informativos dos medios públicos de Galicia



- 59093 (11/PRE-021862)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a ampliación aos 30 anos do límite de idade para o acceso á Tarxeta Xente Nova e a incorporación dos seus beneficios dentro das vantaxes do Carné Xove

- 59099 (11/PRE-021863)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a compatibilidade da supresión de unidades nos centros públicos de ensino, como é o caso do CEIP San Xoán de Filgueira, en Ferrol, co deber de garantir os recursos para unha boa atención educativa

- 59102 (11/PRE-021864)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os datos referidos ao estado da rúa da Granxa, en Ourense, e aos accidentes rexistrados nela, así como respecto das previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á súa humanización e á mellora da seguridade viaria

- 59110 (11/PRE-021865)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o procedemento de concesión das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, a valoración dos resultados acadados en exercicios precedentes e a existencia dalgún plan sobre a oferta turística en zonas rurais

- 59117 (11/PRE-021866)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Fernández Davila, María Cristina

Sobre os efectos da supresión dunha unidade de primaria no CEIP San Xoán de Filgueira, en Ferrol

- 59123 (11/PRE-021867)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a situación da empresa SolarProfit na súa oficina de Arteixo e as medidas de apoio previstas polo Goberno galego para evitar os despedimentos anunciados nela

- 59127 (11/PRE-021868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa adecuación da rede pública de escolas infantís á demanda existente e coa asunción das de xestión municipal

- 59132 (11/PRE-021869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Moura, Diego e 2 máis



Sobre a necesidade de dotar o concello de Verín dunha escola infantil pública e as previsións da Xunta de Galicia en relación co impulso desta infraestrutura

- 59144 (11/PRE-021870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as consideracións da Xunta de Galicia no referido á suficiencia da atención sanitaria proporcionada polo Centro de Saúde da Pontenova e as súas previsións respecto da cobertura das vacacións e baixas laborais dos seus profesionais sanitarios

- 59149 (11/PRE-021871)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as previsións de actuación do Goberno galego ante a perda de postos de traballo no sector do telemárketing en Galicia e, en concreto, na sede da Coruña da empresa Atento

- 59155 (11/PRE-021872)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o modelo de atención á saúde mental dentro do Sistema público de saúde e o cumprimento dos acordos parlamentarios nesta materia

- 59166 (11/PRE-021873)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á aprobación da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas e aos orzamentos para o seu desenvolvemento

- 59172 (11/PRE-021874)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre os datos de emprego do mes de agosto en Galicia e as previsións da Xunta de Galicia no que se refire ás políticas orientadas a afrontar as debilidades do mercado laboral

- 59180 (11/PRE-021875)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á consecución en 2023 dun acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias para o financiamento local

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1.^a



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.4. Estatuto dos grupos parlamentarios

2.3.4.1. Subvencións dos grupos parlamentarios

Acordo da Mesa do Parlamento, do 11 de xullo de 2023, en relación cos escritos presentados polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e Popular polos que achegan a contabilidade específica da subvención recibida con cargo ao orzamento do Parlamento correspondente ao exercicio 2022

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 11 de xullo de 2023, adoptou os seguintes acordos:

— Escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que achega a contabilidade específica da subvención recibida con cargo ao orzamento do Parlamento correspondente ao exercicio 2022, nos modelos de balance e de conta de resultados (doc. núm. 55029).

Tómase coñecemento e acórdase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da páxina web do Parlamento de Galicia, e a comunicación deste acordo á Intervención e Asuntos Económicos.

— Escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que achega a contabilidade específica da subvención recibida con cargo ao orzamento do Parlamento correspondente ao exercicio 2022, nos modelos de balance e de conta de resultados (doc. núm. 55067).

Tómase coñecemento e acórdase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da páxina web do Parlamento de Galicia, e a comunicación deste acordo á Intervención e Asuntos Económicos.

— Escrito do G. P. Popular de Galicia polo que achega a contabilidade específica da subvención recibida con cargo ao orzamento do Parlamento correspondente ao exercicio 2022, nos modelos de balance e de conta de resultados (doc. núm. 55225).

Tómase coñecemento e acórdase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da páxina web do Parlamento de Galicia, e a comunicación deste acordo á Intervención e Asuntos Económicos.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2023
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución da Resolución da Presidencia do día 17 de agosto de 2023 en relación coa omisión da admisión a trámite da pregunta con resposta oral en comisión doc. núm. 57513 (11/POC-10663)

Advertida a omisión, por un erro material, na relación das iniciativas admitidas a trámite por Resolución da Presidencia do 17 de agosto de 2023, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

No punto de procedementos de información, nas preguntas orais en comisión, debe engadirse:

«- 57513 (11/POC-010663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as ofertas públicas de emprego que afectan o persoal do Servizo de Prevención de Incendios Forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes»

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2023

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Carmela González Iglesias e Ramón Fernández Alfonso, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, sobre os pasos que debe dar o goberno galego e administracións locais ante o recente fallo do Xulgado de Mercantil Nº 2 de Barcelona sobre o proceso de reestruturación da mercantil Celsa, polos efectos que dito pronunciamento pode ter no mantemento da actividade e o emprego na factoría Celsa Atlantic Laracha.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada tralo fallo do Xulgado de Mercantil Nº 2 de Barcelona sobre o proceso de reestruturación da mercantil Celsa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Xulgado do Mercantil Nº 2 de Barcelona ditou fai poucos días a Sentenza 26/2023, que lles da a razón aos acredores fronte os aínda hoxe donos da mercantil siderúrxica Celsa. Dita sentenza avala o plan de reestruturación proposto polos acredores, entre os que se atopan fondos como Deutsche Bank, Anchorage, Capital Group e Attesor Capital, e que supón que estes, após unha quita e unha refinanciación da débeda, tomen o 100% do capital desprazando aos propietarios actuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No momento actual, e tras ese fallo, a cuestión a dilucidar é se a operación precisa da autorización do consello de ministros, como mantén o executivo estatal, ou ben se non é necesario ese trámite, tal e como parecen valorar os acredores.

En calquera caso, máis aló das cuestións puramente xurídicas e de como se resolvan, o que está en xogo é a viabilidade futura da empresa e o mantemento do emprego nas factorías da siderúrxica.

Esta sentenza afecta directamente a un dos centros de traballo do Grupo, raidcado en Bergantiños, como é Celsa Atlantic Laracha. Unha empresa, Celsa Atlantic Laracha cunha planta na que traballan entre empregos directos e indirectos sobre 180-190 persoas, e que ademais, representa unha parte moi importante de volume do tráfico e mercadorías que operan no Porto de A Coruña.

A situación actual, despois do fallo do Xulgado do Mercantil, xera un escenario de gran incerteza sobre o futuro da planta de A Laracha e sobre o mantemento do emprego. Daí que o comité de empresa da factoría solicitase unha reunión de urxencia coa Consellería de Economía, Industria e Innovación, para acordar os pasos a dar para garantir o futuro da planta e o mantemento dos postos de traballo.

E dada a importancia que ten a planta de Celsa Atlantic Laracha no emprego a nivel de comarca, do peso específico da planta na actividade do Porto de A Coruña e no mantemento da puxanza amosado polo eixo industrial constituído polos polígonos industriais de Carballo, A Laracha e Arteixo e a súa conexión co Porto Exterior, é preciso un posicionamento claro e unha actitude proactiva e coordinada do goberno galego e das administracións locais afectadas (nomeadamente, os concellos de Carballo e A Laracha) no mantemento da actividade e o emprego na factoría Celsa Atlantic Laracha.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así as cousas, desde as administracións locais e desde o goberno galego faise imprescindible a adopción desa postura proactiva e coordinada na defensa da actividade produtiva e do emprego na fábrica de Celsa Atlantic Laracha.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

- Que valoración fai o goberno galego da recente sentenza do Xulgado do Mercantil Nº 2 de Barcelona sobre o proceso de reestruturación da mercantil Celsa?
- Considera que dito fallo pode afectar ou comprometer a continuidade da actividade e o mantemento do emprego na planta de Celsa Atlantic Laracha?
- Que pasos pensa dar para garantir a continuidade da actividade e o mantemento do emprego na planta de Celsa Atlantic Laracha?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Ramón Fernández Alfonso
Carmela González Iglesias
Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/09/2023 10:55:54

Carmela González Iglesias na data 11/09/2023 10:56:08

Daniel Pérez López na data 11/09/2023 10:56:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre sinatura de convenios para obras en materia de urbanismo en 2023 só en concellos gobernados polo PP.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén derivada da necesidade de acadar canto antes un acordo que permita garantir a igualdade de trato para todos os concellos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O pasado 26 de maio de 2023 publicouse no DOG a relación de convenios asinados pola consellaría de medio ambiente, territorio e vivenda no primeiro cuadrimestre de 2023.

Na citada relación figuran os seguintes convenios asinados con concellos para a realización de obras en materia de urbanismo:

- Concello de San Cibrao das Viñas para a realización de obras en materia de urbanismo (3 de abril de 2023): establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concello de San Cibrao das Viñas, que permite acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na humanización dunha praza. Orzamento: 88.344,88 €

-Concello de Ribeira para a construción do novo auditorio municipal (3 de abril de 2023): 200.000,00 € adicionais á achega inicial da consellería.

-Concello do Porriño para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no acondicionamento do viario asfaltado paralelo á vía férrea nas proximidades do paseo do Louro. 315.490,72 € (31 de marzo de 2023)

-Concello de A Rúa para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no acondicionamento do barrio da Estación, fase I, rúas Real, Doutor Vila, Miguel de Cervantes, Benito Fernández e entroncamento coa rúa Silveira. 379.598,36 € (31 de marzo de 2023)

- Concello de Mos para establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Mos, que permite acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na remodelación do contorno da ermida de Santo Eleuterio, en Tameiga. 722.878,00 € (31 de marzo de 2023)

- Concello de Coirós, para establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Coirós, que permite acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na humanización de espazos públicos no núcleo rural histórico-tradicional e común de Casal-Combarro. 88.057,04 € (27 de marzo de 2023).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Concello de Salvaterra de Miño para a realización das obras de humanización da fortaleza de Salvaterra de Miño (addenda num 1). Modificación do contido da cláusula terceira -compromisos da Xunta-, para unha adecuada execución dos compromisos nel establecidos. 30.000,00 € adicionais ao importe do acordo de cooperación.

- Concello do Pereiro de Aguiar Establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello do Pereiro de Aguiar, que permite acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na humanización da contorna do concello. 143.104,48 € (21 de marzo de 2023)

- Concello de Paradela para establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Paradela, que permite acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes en intervencións brandas sobre os elementos patrimoniais no núcleo tradicional de Pacios. 179.265,17 € (21 de marzo de 2023)

-Concello de Laza para establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Laza, que permite acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no acondicionamento do contorno da igrexa de San Xoán de Laza, fase I. 186.082,70 € (10 de marzo de 2023)

- Concello de Cortegada para establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Cortegada, que permite acometer e incorporar ao patrimonio público





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

municipal as obras consistentes na urbanización da praza pública no núcleo de Meréns.
74.936,27 € (10 de marzo de 2023)

2. Todos os convenios referidos foron asinados con concellos gobernados polo PP, se ben nalgúns deles producíronse cambios logo das eleccións municipais de maio de 2023.

A consellaría de medio ambiente, territorio e vivenda destácase no reparto partidista de fondos públicos, especialmente na distribución de fondos do Plan Hurbe (obras en materia de urbanismo).

Como se pode comprobar no reparto de anos anteriores, a inmensa maioría dos convenios (máis do 95%) asináronse con gobernos do PP. Nada impedía que os orzamentos se distribuísen mediante convocatoria pública, mais a Xunta utiliza o sistema dos convenios para favorecer concellos da súa corda política, discriminando ao mesmo tempo a cidadanía de concellos que teñen gobernos doutras forzas políticas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

Por que razón todos os convenios de obras en materia de urbanismo que se asinaron en 2023 beneficiaron a concellos gobernados polo PP?

Considera a Xunta que só a cidadanía que vive en concellos gobernados polo PP ten dereito ao financiamento de obras de mellora urbanística?

Cantos concellos non gobernados polo PP foron beneficiarios no presente mandato de convenios para financiar obras en materia de urbanismo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 11/09/2023 12:26:54

Paulo Ríos Santomé na data 11/09/2023 12:26:58

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2023 12:27:06





A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Os pasados días 7 e 8 de setembro celebrouse en Lugo a Conferencia Europea de Alto Nivel sobre Envellecemento, organizado con motivo da Presidencia Española do Consello da Unión Europea.

Segundo informaban na presentación do encontro o obxectivo do mesmo foi debater e tomar decisións sobre estratexias para abordar os novos retos demográficos en Europa, para o coidado das persoas maiores, e tamén para a cohesión territorial e a loita contra a despoboación.

Na Conferencia participaron tanto expertos como representantes políticos da Unión Europea como a comisaria de Democracia e Demografía, así como do goberno en funcións de España, da Deputación de Lugo e do Concello.

Sen embargo non se convidou a ningún representante, nen técnico nen político da Xunta, a pesar de que concentra a maioría das competencias sobre os temas a tratar; e ademais é pioneira en España e en Europa respecto das políticas demográficas.

Así, podíamos destacar que Galicia foi a primeira comunidade en contar cunha lei de impulsodemográfico, e a primeira e única coas escolas infantís gratis de 0 a 3 anos, as casas niño, etc..

No ámbito do envellecemento a Xunta adica máis de 600 millóns ao coidado dos maiores e os dependentes, converténdose nun referente estatal e europeo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Qué opinión lle merece que non se teña convidado á Xunta de Galicia a participar na Conferencia Europea sobre Envellecemento que se celebrou en Lugo os pasados días 7 e 8 de setembro?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 11/09/2023 14:18:20

José Alberto Pazos Couñago na data 11/09/2023 14:18:39

María Corina Porro Martínez na data 11/09/2023 14:18:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/09/2023 14:19:13

Noelia Pérez López na data 11/09/2023 14:19:31

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 11/09/2023 14:19:47

López Sánchez, Rosalía na data 11/09/2023 14:20:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A historia da autovía A-54 Lugo-Santiago, que conectará o centro e o interior de Galicia, está chea de retrasos. Son numerosos os reaxustes de obra, suspensión de traballos, modificacións de trazados, anulacións de procedementos e novas licitacións que sufriu esta infraestrutura, nomeadamente baixo os gobernos do PP en Madrid, co silencio cómplice do goberno popular na Xunta de Galicia.

Dende a chegada de Pedro Sánchez a Presidencia do Goberno as obras avanzan a un bo ritmo, a pesar de imprevistos e a pesar das que as obras pendentes na A-54, que foran contratadas con moitos problemas polo PP cando estaba no goberno, implicaran retrasos xa que o mal deseño inicial da mesma nalgún tramos, que non se axustaba a realidade nin tiñan en conta o respecto arqueolóxico, obrigou a facer novas avaliacións ambientais.

A pesar de que esta infraestrutura fora totalmente esquecida durante moitos anos polo PPdeG, en setembro de 2022 decidiron iniciar unha campaña terxiversando a realidade dos feitos e empregando o manido mantra de que “Sánchez marxina a Galicia” e pedíanlle ao Goberno Central que acelerara os prazos desta infraestrutura presentando tamén mocións nos concellos para presionar ao executivo central. O senador polo Provincia de Lugo, Barreiro dicía “as infraestruturas viarias en Galicia dependentes do Goberno están a sufrir importantes atrasos, xa sexa pola lentitude coa que se están a executar as obras ou porque directamente están paralizadas”.



De novo o PPdeG, nun novo exemplo de cinismo político preguntábase na recente campaña das eleccións xerais “ por que a A-54 Santiago-Lugo non está rematada”. A súa Secretaria Xeral dicía na recta final desa campaña que isto era unha mostra do “maltrato de sanchismo” e un “aseñamento con Lugo”. Nese mesmo acto o cabeza de lista do PP ao Congreso dos Deputados pola Provincia de Lugo dicía que “xa non hai cabida para máis escusas para non rematar esta infraestrutura”.

Pois ben, o certo é que esas preguntas do populares galegos debería ir dirixidas a Xunta de Galicia, e nomeadamente a Augas de Galicia, xa que cando facían estas declaracións o Goberno galego, debido o seu desleixo de obrigas e ineficacia administrativa, estaba a retrasar e paralizar un permiso necesario para poder avanzar nas obras desta infraestrutura.

Estes días coñeciamos que Augas de Galicia, como organismo que regula as concas fluviais, tiña unha solicitude de permiso, dende o pasado mes de abril, para autorizar unha obra imprevista. En abril solicitábase pola empresa encargada de facer as obras permiso e proxecto para o retranqueo do río Ladrón, que permitira seguir avanzando nas obras dun viaduto no tramo Arzúa-Melide da A-54 Lugo-Santiago. A Xunta de Galicia retrasou este permiso 4 meses e medio, e casualidades da vida deuno poucos días despois a que este retraso saíra a luz pública. Ao día seguinte de dar o permiso por parte de Augas de Galicia o MITMA iniciou os traballos de desvío da canle do río para continuar coas cimentacións do viaduto. O proxecto presentado a Augas de Galicia pretendía facer estas obras durante os meses de xullo, agosto e setembro por ser os meses con mellores perspectivas climatolóxicas para levalas a cabo, pero claro, debido o desleixo de funcións da Xunta de Galicia isto non poderá ser unha realidade xa que dita autorización non chegou ata o 30 de agosto.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal ou cales foron os motivo polos que Augas de Galicia retrasou o permiso de retanqueo do río Ladrón, que permitirá seguir avanzando nas obras dun viaduto no tramo Arzúa-Melide da A-54 Lugo-Santiago?
2. Non pensa a Xunta de Galicia que coa súa escasa celeridade vai a provocar un retraso inxustificado neste tramo da obra, xa que agora nos adentramos en meses que non son tan favorables para levala adiante, xa que son meses nos que en Galicia soe chover moito?
3. Pensa a Xunta de Galicia que neste caso actuou coa celeridade que o propio Goberno galego lle reclama ao goberno central no tocante a esta infraestrutura?

Santiago de Compostela, 1 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 01/09/2023 12:18:12

Eduardo Ojea Arias na data 01/09/2023 12:18:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Exposición de motivos

En marzo de 2023 os medios de comunicación locais de Ourense fixéronse eco das demandas dos veciños e veciñas de Vilariño, na parroquia de Castro de Beiro, concello de Ourense. Ademais de enormes problemas de oferta de acceso a internet, que impide a moita veciñanza teletraballar ou poder manter o seu posto de traballo nesta zona, a veciñanza denunciaba os problemas de cobertura de teléfono móbil, que se ben se suman aos problemas de acceso a internet, son aínda máis graves pois o impedimento de poder contactar ou ser contactados por telefonía móbil é mesmo un perigo para a saúde.

Após coñecerse estas demandas e protestaren as persoas desta zona, mantiveron un encontro coa xefatura de telecomunicacións da Subdelegación do goberno, que os informou de que esta zona estaba incluída no plan de banda ancha e unha serie de procedementos de solicitude e reclamación que podían realizar para isto e tamén para a cuestión da telefonía móbil.

Pasados os meses vén de coñecerse que a actitude do goberno central non está a ser proactiva nin resolutive. A algunha veciña xa lle chegou unha resolución que desestima todas as reclamacións que emitira por indicación da subdelegación e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

basicamente remítense ás alternativas e previsións de iniciativa privada que se prevén a futuro.

Na sociedade actual o acceso a unha rede de telefonía e de internet é un elemento básico e imprescindible para as e os veciños poderen desenvolver as súas vidas persoais e profesionais en condicións de igualdade de oportunidades. Non en balde, a propia Unión Europea consagrou en setembro de 2016 esta cuestión como un dereito fundamental. Xa que logo, poder ter unha mínima calidade de comunicación telefónica é directamente imprescindible.

É necesario, por todo o exposto, que a Xunta de Galiza vele polos intereses desta veciñanza e empregue as súas ferramentas técnicas e de negociación política para atopar unha solución, en colaboración con outras administracións, para facilitar unha saída ao grave problema de acceso ás telecomunicacións que padece a veciñanza de Beiro en Ourense.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Vai impulsar o goberno galego unha mesa de traballo interinstitucional para acadar as medidas necesarias que solucionen o problema de illamento tecnolóxico da veciñanza de Beiro en Ourense?

Vaise dirixir á compañía telefónica, como institución, para esixir as melloras correspondentes?

Vai apoiar á veciñanza cos medios necesarios por parte de AMTEGA e da Xunta de Galiza ante esta inxustiza?

Vai aproveitar para diagnosticar os problemas da comarca e impulsar as accións propias ou alleas precisas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recibira a Xunta de Galiza reclamacións particulares ou institucionais desta zona?

Considera o goberno galego que esta situación é compatíbel coa fixación de poboación e o desenvolvemento profesional para as pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2023 13:10:40

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/09/2023 13:10:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 01/09/2023 13:10:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Cristina Fernández Davila, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ao mantemento FP básica de Servizos Administrativos e liña de Educación Secundaria Adultos no IES Eduardo Pondal (Ponteceso).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Eduardo Pondal de Ponteceso tiña asignadas para o curso 2023/2024 dúas liñas de FP Básicas. Unha, a de competencias básicas para a empregabilidade, chamada de Servizos Administrativos; e outra, de competencias profesionais específicas da rama da auto-moción chamada de Mantemento de Vehículos.

Con esta planificación abriuse o período de matrícula no IES de Ponteceso para o vindeiro curso e comezáronse a formalizar matrículas para ambas liñas de FP básica.

Pero como xa vén sendo tristemente habitual, ben avanzado o mes de xullo, cando estaban formalizadas un total de 14 prazas para a liña de Mantemento de Vehículos e outras 6 para a liña de Servizos Administrativos, a Inspección educativa comunicou á dirección do centro a súa decisión de cancelar no IES de Ponteceso a FP básica de Servizos Administrativos.

As ratios serviron, máis unha vez, de escusa para aplicar recortes na educación pública, amortizar profesorado e castigar sen disimulo ás persoas que queren (e teñen dereito) a formarse e vivir no rural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É sabido que o número mínimo de matrículas (número estándar aplicado aos centros de ensino radicados en cidades) para manter unha liña de FP básica é de 8 matrículas, mais tamén é certo que desde a Consellería de Educación se optaba en moitos casos por relaxar a esixencia mínima de matrículas para centros radicados no rural.

Porén, esa decisión da a Consellería ten un efecto arrastre maior, ao incrementar a xa existente sobrecarga de traballo do persoal docente, xa que no IES Eduardo Pondal de Ponteceso haberá para o vindeiro curso un grupo de FP básica vocacional como é a rama de auto-moción que estará formado por 20 rapaces e rapazas, cando o número máximo de alumnos por grupo na FP básica é de 18. Afectando tamén ás lexítimas expectativas educativas de parte do alumnado.

Ademais, desde a dirección do centro educativo manifestan a necesidade de que o IES Eduardo Pondal sexa dotado cun docente adicional (que lles foi retirado en xuño) para así poder manter as dúas liñas de FP Básica que se tiñan asignadas até o de agora.

Por outra banda, este mesmo instituto vén tendo dentro da súa oferta formativa unha liña de Educación Secundaria para Adultos (ESA), que cada curso finalmente se aprobaba ou non, dependendo das solicitudes de matrículas formalizadas.

O número mínimo xeral de matrículas esixidas para conceder esa liña educativa é de 15, polo que nos dous anos anteriores (nos que as persoas interesadas foron 4 e 6) non se chegou a impartir. Mais este ano á dirección do centro xa lle consta que hai un total de 10 persoas interesadas en seguir estes estudos, que serán máis cando se abra o período de matrícula. Sendo imprescindible para impartir esta liña ESA a incorporación de 2 docentes adicionais no cadro de persoal do centro.

A Consellería mantén entre a carta de servizos deste centro a ESA (Educación Secundaria para Alumnos), mais, a pesar do incremento das persoas interesadas e da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilidade (e o recomendable) de relaxar os mínimos de matrículas esixidos cando do rural se trata, a inspección educativa xa adiantou que serán necesarias *sine qua non* 15 matrículas para activar a liña ESA.

O garantir un ensino público de calidade, unhas condicións de traballo dignas do persoal docente e o poder vivir no rural se así o elixes, esixe que desde a Xunta de Galiza se remate cunha política de recortes nos servizos públicos (e nomeadamente no ensino e na sanidade) que o que está a facer é cebar o abandono progresivo do rural, a crise demográfica e que se dispare a taxa de envellecemento na Galiza.

A problemática que se da no IES Eduardo Pondal de Ponteceso é paradigma desta situación, inducida polas políticas de recortes nos servizos públicos e de desleixo co rural perpetradas polo goberno galego nos últimos catorce anos e apoiadas sen rubor polo Partido Popular neste Parlamento.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Que criterio empregou a Consellería de Educación para non conceder a liña de FP básica de Servizos Administrativos e a liña de Educación Secundaria Adultos (ESA) o vindeiro curso no IES Eduardo Pondal de Ponteceso?

Considera o goberno galego que o criterio empregado contribúe a fixar poboación no rural, a loitar conta a crise demográfica e a alta taxa de envellecemento que existe na Galiza?

Considera o goberno galego que a decisión de non conceder neste centro a liña de FP básica de Servizos Administrativos garante o dereito a formarse e o acceso a un ensino digno e de calidade para o alumnado que vive no rural?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que a decisión de non conceder a liña de Educación Secundaria de Adultos no IES Eduardo Pondal de Ponteceso garante que as persoas que viven neste concello rural e nas proximidades, que pretendan completar a súa formación e adquirir máis coñecementos, podan facelo?

Considera o goberno galego que a decisión de non conceder a liña de FP básica de Servizos Administrativos coaduxa ao axeitado aproveitamento académico e á posterior a incorporación ao mercado de traballo das mozas e mozos que cursarán FP básica no IES Eduardo Pondal de Ponteceso?

Considera o Goberno galego que a decisión de non conceder a liña de FP básica de Servizos Administrativos incrementará a carga de traballo do persoal docente, redundando na calidade do ensino?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 01/09/2023 13:29:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 01/09/2023 13:29:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre os criterios para o outorgamento de autorizacións de estacionamento a vehículos oficiais no espazo reservado na rúa Ramón Cabanillas de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente unha boa parte das dependencias administrativas da Xunta de Galiza en Ourense se ubican no edificio situado na confluencia das rúas Avenida Habana e Ramón Cabanillas. Entre os moitos servizos contidos no referido edificio administrativo se sitúa a oficina de atención á cidadanía e rexistro o que provoca unha importante afluencia de persoas que se desprazan para realizar consultas, xestións ou presentar documentación.

As posibilidades de estacionamento na contorna do edificio administrativo son escasas toda vez que a rúa da Habana os ten limitados a “carga e descarga” e porque na rúa Ramón Cabanillas -treito entre a Habana e Celso Emilio Ferreiro- aproximadamente unha terceira parte do espazo de estacionamento esta restrinxindo a “vehículos oficiais”, estando a restantes reservadas a zona ORA.

Á demanda ordinaria de prazas de estacionamento, consecuencia da situación do edificio administrativo e dos servizos e centros escolares e académicos próximos, viuse incrementada nos últimos meses polas intervencións realizadas polo Concello de Ourense nas rúas do centro da cidade que provocaron a eliminación, cando menos temporal, de prazas de estacionamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade é que as prazas reservadas a “vehículos oficiais” están diariamente ocupadas non por turismo da Administración Autonómica senón por vehículos particulares de persoal de confianza ou libre designación. Estase a privar á cidadanía de posibilidades de estacionamento nunha zona de alta demanda e escasas oferta en beneficio de determinados particulares que non só dispoñen dun espazo reservado para o aparcamento do seus vehículos particulares, senón que tamén evitan pagar a taxa por estacionar en zona ORA.

Considerando que a eventual concesión destes privilexios e beneficios a determinados particulares sobre o estacionamento, en prexuízo da cidadanía de Ourense en xeral que ve restrinxidas as súas posibilidades de estacionamento -mesmo tendo que pagar por facelo – nun espazo necesario para a realización de trámites de administrativos, solicitar asesoramento ou achegar documentación ás administracións públicas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza que pode ter a consideración de vehículo oficial un turismo de titularidade e uso particular?

Cantas autorizacións ten expedido a Xunta de Galiza para o estacionamento de vehículos particulares en espazos reservados a vehículos oficiais?

En concreto, cales foron expedidas polas Xefaturas territoriais de Ourense?

Entende a Xunta de Galiza a reserva de espazos de estacionamento, mesmo de balde, a favor de persoal asesor e de confianza supón unha discriminación respecto das demais traballadoras destinadas no mesmo edificio administrativo, así como e da cidadanía en xeral?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/09/2023 13:43:30

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2023 13:43:58

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2023 13:44:12



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Observatorio Galego da Acción Climática alertou recentemente dun aumento das emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia e urxiu medidas, en paralelo a un comunicado na mesma liña da organización ecoloxista Arco Iris. Segundo o Observatorio, os datos oficiais extraídos do inventario de emisións do Ministerio para la Transición Ecolóxica, amosan que as emisións en Galicia "volveron aumentar en 2021, despois de 3 anos consecutivos de descenso". "As emisións de gases causantes do cambio climático ascenderon a 19.096.905 toneladas en 2021, o que supón un crecemento do 3,3 % con respecto a 2020". Segundo eses datos, o maior crecemento tivo lugar no transporte co 19,9 %, ao que se suman as emisións da industria (7,3 %) e as conxuntas de fogares, comercios, institucións e sector primario (5,6 %) fronte ao descenso das emisións do sector enerxético (16 %), "por carto ano consecutivo".

Estes datos amosan que o descenso relativo dos últimos anos foi exclusivamente froito do peche das centrais térmicas de As Pontes e Meirama e da caída histórica do PIB e da actividade económica pola pandemia, e que descontados eses efectos non hai folla de ruta algunha para reducir as emisións en Galicia, que ten que acadar co conxunto do estado un 55 % de redución en 2030 con respecto ás emisións de 2039 de acordo cos obxectivos da UE.



Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como vai o Goberno de Galicia a cumprir co obxectivo de redución dun 55 % das emisións de gases de efecto invernadoiro no ano 2030 se nos últimos 14 anos non houbo ningún tipo de política que as reducise se excluímos o peche das centrais térmicas galegas que foi unha decisión empresarial allea á vontade do Goberno galego?
2. Por que a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023 aprobada a finais de 2019 carecen tanto de previsións e obxectivos medibles e avaliáveis como de medidas que permitan avanzar significativamente na redución de emisións?
3. Por que a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 contempla unha xenérica previsión de redución de emisións para o 2030 do 24 % cando o obxectivo da UE –asumido pola Conselleira- é do 55 % de redución para ese ano?
4. Por que o Goberno de Galicia se atribúe un suposto éxito na loita contra o cambio climático se as causas da relativa redución de emisións dos últimos anos foron claramente contrarias á súa vontade na medida en que o propio Goberno de Galicia se manifestou reiteradamente en contra do peche das térmicas de Meirama e As Pontes e obviamente era contrario a calquera redución da actividade económica como a asociada á pandemia?

Santiago de Compostela, 4 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 04/09/2023 11:09:11





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2023 11:39:44
Nº Rexistro: 58883
Data envío: 04/09/2023 11:39:44.126

Patricia Otero Rodríguez na data 04/09/2023 11:09:23

Eduardo Ojea Arias na data 04/09/2023 11:09:32

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
213742

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A mediación, como sistema de heterocomposición de conflitos, tanto os xa xudicializados como os que aínda non tiveron aceso aos xulgados e tribunais, é un sistema no que as partes aceptan a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa co fin de que posibilitar un acordo duradeiro e mutuamente aceptado. O recurso a este sistema permite diminuír a hostilidade das partes e facilita a comunicación entre as partes, e na práctica contribúe a un maior cumprimento das medidas tomadas. Asemade a solución pacífica dos conflitos permite axilizar a funcionamento da administración de xustiza mediante a redución da elevada carga de traballo que sofren as unidades xudiciais en todos os ordes xurisdicionais.

No ámbito familiar a mediación que sempre atende as necesidades de todas as partes implicadas, especialmente dos e das menores, permite rebaixar o nivel de conflito entre persoas que, en moitos casos, deberán continuar relacionándose no futuro por ter intereses en común, en moitos casos das obrigas derivadas da filiación común.

A situación actual é segundo a estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial no ano 2022 os xulgados de primeira instancia e primeira instancia e instrución de Galiza derivaron á mediación familiar unicamente 89 asuntos, sendo das Comunidades Autónomas do Estado que menos recorreron a este sistema de solución pacífica de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conflitos xudiciais no ámbito familiar, e moi afastadas doutras comunidades como Cataluña, Valencia ou o País Vasco ou mesmo a metade que outras como Cantabria ou Castela e León.

Non só a comparativa coa situación actual da mediación familiar intraxudicial noutras CCAA ofrece datos tan preocupantes como elocuentes, senón co número de asuntos tramitados en Galiza en épocas precedentes. Así mentres no 2009 derivábanse á mediación 291 asuntos ou p.ex. no 2011 eran 416 os conflitos que se intentaban arranxar de forma pacífica e por mutuo acordo, no 2022 ese número só alcanzaba aos referidos 89 litixios. Como consecuencia do menor número de derivacións actualmente o número de asuntos terminados con avenencia e por acordo entre as partes, no ámbito familiar, é case que unha terceira parte dos de hai unha década.

Esta ausencia de recurso á mediación como sistema de solución pacífica de conflitos no ámbito familiar provoca tanto un incremento da litisioxidade e un notable incremento dos xa colapsados xulgados de familia, coa conseguinte demora na resolución de asuntos tan sensíbeis como son os de familia. A orixe da calamitosa situación que padece a “xustiza de familia” en Galiza esta tanto na ausencia dunha planta xudicial acorde coas necesidades da cidadanía galega, como a xa denunciada polo BNG e polos diferentes operadores xurídicos, carencia de medios do IMELGA, como na ausencia de convenios de colaboración para o desenvolvemento e utilización da mediación familiar intraxudicial.

A escasa relevancia que a Xunta de Galiza do Partido Popular conferíalle á mediación familiar provocaba que fora nos últimos meses do ano cando se asinaban os convenios cos colexios profesionais, obrigándolles a prestar un servizo en precario durante practicamente todo o exercicio, porén nos últimos exercicios a Xunta de Galiza nin sequera asina os devanditos convenios para posibilitar a mediación familiar intraxudicial, a pesares dos recoñecidos efectos positivos que ten para as persoas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atinxidas -principalmente para as menores – e mesmo tamén para o propio funcionamento da administración de xustiza.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza positiva a resolución pacífica dos conflitos, particularmente no ámbito, familiar?

E que a mediación é un medio axeitado a tal fin?

Por que razón nos últimos anos a Xunta de Galiza non celebrou convenios cos colexios da avogacía para o funcionamento da mediación intraxudicial no ámbito familiar?

Entende que a diminución do recurso á mediación contribúe a un incremento da litisioxidade e á ralentización do funcionamento da administración de xustiza?

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para axilizar o funcionamento dos xulgados especializados en familia e incapacidades?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2023 17:53:25

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/09/2023 17:53:32

Iria Carreira Pazos na data 05/09/2023 17:53:41



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Co prezo dos combustibles elevado xunto o impulso a unha mobilidade máis sostible desde o goberno da Xunta veñen de anunciar como obxectivo da Consellería de Infraestruturas é alcanzar este ano os seis millóns de viaxes interurbanas gratis entre os menores de 21 anos, un o millón máis que no 2022. O impulso da Tarxeta Xente Nova para que chegue ao maior número de mozas e mozos é unha necesidade desde o punto de vista da sustentabilidade pero tamén desde o punto de vista de estar ao carón da mocidade nuns momentos de complicacións económicas. Neste sentido, non se entende a limitación ata os 21 anos dos beneficios da tarxeta Xente Nova nun escenario socioeconómico delicado para a mocidade galega.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o motivo para que a Xunta de Galicia non incorpore os beneficios da Tarxeta Xente Nova dentro das vantaxes do Carné Xove?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia ampliar este dereito a toda mocidade galega menor de 30 anos? En caso negativo, cal é motivo?
3. Cantas solicitudes teñen denegado dende a súa posta en funcionamento e cales foron os motivos que provocaron esa denegación dende o ano 2016?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2023 13:53:19
Nº Rexistro: 59092
Data envío: 06/09/2023 13:53:19.752

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 06/09/2023 13:47:51

Patricia Otero Rodríguez na data 06/09/2023 13:47:59

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2023 13:48:09

Marina Ortega Otero na data 06/09/2023 13:48:18

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
213782

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura.**

Tal e como se recolle na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE), a educación é un factor fundamental en calquera sociedade, posto que dela dependen o benestar individual e o colectivo. E establece que *“a educación é para calquera persoa o medio máis axeitado para desenvolver as súas capacidades, construír a súa personalidade, conformar a súa propia identidade e configurar a súa comprensión da realidade, integrando a dimensión cognoscitiva, a afectiva e a axiolóxica, e para a sociedade é o medio máis idóneo para transmitir e, ao mesmo tempo, renovar a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan, sacar as máximas posibilidades das súas fontes de riqueza, fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo de acadar a necesaria cohesión social”*.

E o artigo 71 da mesma lei manifesta expresamente que:

“1. As Administracións educativas disporán dos medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na Lei

2. Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación,



por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en calquera caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado”.

Xa que logo, a educación pública, universal e gratuíta é o instrumento máis eficaz do que dispoñen os sistemas democráticos para garantir o principio de igualdade de oportunidades entre a cidadanía dun país, máis a isto hai que garantirlle a calidade se queremos acadar os obxectivos antes mencionados.

As competencias en educación foron transferidas á nosa Comunidade Autónoma no ano 1982, sendo a Xunta de Galicia, a través da Consellería con competencias en educación, quen ten a obriga de por a dispor da cidadanía en Galicia o sistema educativo.

O CEIP San Xoán de Filgueira é un centro sito en Ferrol que conta con aproximadamente uns 100 alumnos e alumnas, que atende aos barrios de San Pablo, San Xoán e O Inferniño que teñen moitas familias con necesidades diversas, un número importante de familias migrantes e unha alta porcentaxe de alumnado con necesidades especiais, circunstancias que inflúen na alta recepción de alumnado ao longo do curso, así neste curso escolar en sexto de educación primaria iniciaron 6 nenos e nenas matriculados e remataron 12. Este centro público, ao igual que moitos outros na xeografía galega, leva varios anos soportando recortes por parte da Consellería de Educación, como, entre outros, a supresión dunha unidade de infantil agrupando alumnado de 3 e 4 anos, e seguindo con esta política de recortes, este ano pretenden unificar as unidades de primeiro e segundo de primaria con 17 alumnos e que pode poñer en perigo o futuro do posto de xefatura de estudos.



A resposta dada pola propia consellería é que se acadan 18 alumnos e alumnas, manteñen as dúas unidades, unha cuestión que como xa explicamos antes é bastante probable, pero que unha vez unificadas as unidades é bastante improbable que volvan a dividilas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre este novo recorte no sistema educativo de Galicia?
2. O Goberno galego considera que se está a cumprir co mandato legal de garantir os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria?
3. O Goberno galego vai reconsiderar a súa comunicación e manter as dúas unidades de educación primaria existentes?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2023 16:34:46
Nº Rexistro: 59098
Data envío: 06/09/2023 16:34:46.096

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/09/2023 16:14:43

Noelia Otero Lago na data 06/09/2023 16:14:52

Noa Susana Díaz Varela na data 06/09/2023 16:15:00

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
213786

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a humanización e mellora da seguridade viaria e peonil na rúa da Granxa en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente varias decenas das rúas da cidade de Ourense son de titularidade da Xunta de Galiza polo que é a esta administración a quen corresponde o mantemento e coidado das mesmas. Porén en moitos casos as rúas de titularidade autonómica atópanse nun deficiente estado de conservación, constituíndo un perigo tanto para vehículos como para, os sempre máis vulnerábeis, peóns.

Entre as rúas de titularidade autonómica que presentan un peor estado de conservación e coidado esta a rúa da Granxa, na que nos últimos meses e anos se teñen producido un importante número de accidentes, atropelos incluídos, con feridos de consideración, mesmo con fatais consecuencias.

O deterioro do firme, con numerosas e importantes fochancas, a existencia dun pequena rotonda sen sinal previa de advertencia (a única existente está practicamente enriba da glorieta reducindo as capacidade de axustar a velocidade as circunstancias da vía), falla de reposición da sinalización horizontal, e a ausencia de regulación semafórica en treitos nos que se fai esencial como o situado nas inmediacións do inmovible núm.97 son algunhas das eivas que dende hai moitos anos afectan á rúa.

Xa que logo o actual estado do firme da rúa da Granxa, integración urbana da estrada OU-101, vía cunha importante densidade de transito consecuencia, p.e., de



constituíren unha vía ordinaria de conexión da cidade cos polígonos industriais; constitúe un risco para a seguridade viaria, agravado polas nada infrecuentes imprudencias automobilísticas.

Asemade a deficiente sinalización e pavimentación compromete non só a seguridade dos vehículos, senón tamén a seguridade peonil. A irregularidade do pavimento, as fochancas existentes nos pasos de peóns provocan frecuentes caídas das usuarias da rúa.

A realidade do situación anteriormente exposta e das graves consecuencias provocadas, deu lugar a numerosas queixas veciñais recollidas tanto nos medios de comunicación, como directamente trasladadas á Xunta de Galiza, sen que deran lugar a execución por parte da Administración titular da vía de actuacións verdadeiramente destinadas a solucionar o problema de seguridade viaria e peonil existente, nin a humanización e acondicionamento da rúa da Granxa, limitándose a Xunta de Galiza a anunciar a redacción dun proxecto do que, a pesares do tempo transcorrido, aínda nada se sabe.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cantos accidentes de circulación lle consta á Xunta de Galiza se produciron nos últimos 10 anos na rúa da Granxa de Ourense?

Con que consecuencias?

Cal foi a data da última actuación de acondicionamento do firme e/ou pavimentación realizada na rúa da Granxa en Ourense?

Considera a Xunta de Galiza que a aplicación de pintura reflectante ou outros medios de visualización dos pasos de peóns reduce o risco de atropelos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valora a Xunta de Galiza a instalación de regulación semafórica na contorna do inmobile núm.97 da rúa da Granxa de Ourense?

Está a tramitar proxecto de humanización ou de mellora da seguridade viaria e peonil na rúa da Granxa?

Cando iniciou o proxecto e, no seu caso, cando esta prevista a execución?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/09/2023 16:36:47

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2023 16:36:53

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2023 16:37:06



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No Diario Oficial de Galicia do 16 de febreiro de 2023 a Axencia Turismo de Galicia publicou a Resolución *do 9 de febreiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2023*, co mesmo contido que en exercicios anteriores, co obxecto do fomento da recuperación, da accesibilidade e da sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística, destinándose un crédito orzamentario de 3 millóns de euros, podendo concederse ata o 100% da actuación, cun límite de 30.000 euros.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva cun prazo dende as 12:00 horas do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ata o día 31 de marzo de 2023.

No artigo 6 das bases da convocatoria se debulla a documentación complementaria que deben presentar os concellos solicitantes e no artigo 19 se establece que a xustificación da dita subvención terá de prazo ata o 15 de novembro de 2021, é dicir 58 días dende a apertura de solicitude da subvención.



No Diario Oficial de Galicia do 10 de maio de 2023 publicouse a Resolución *do 28 de abril de 2023 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 9 de febreiro de 2023.*

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados con esta subvención?
2. Cales son os motivos polos que se sega empregando dende 2021 o procedemento de concesión en réxime de concorrència competitiva?
3. A que hora entrou na plataforma electrónica cada unha das solicitudes de subvención?
4. Ten o Goberno galego elaborado algún plan sobre a oferta turística nas zonas rurais?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/09/2023 17:00:41

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/09/2023 17:00:52

Martín Seco García na data 06/09/2023 17:01:00



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No ano 2022 en Galicia incrementáronse nun 12 % as denuncias por violencia machista e as agresións sexuais de menores, segundo a memoria anual da actividade xudicial dos tribunais e xulgados galegos, que deixa datos aterradores: as audiencias galegas xulgaron en 2022 dúas persoas á semana por delitos sexuais, o 65,6 % das 93 denunciante eran menores de idade e na maioría dos casos tiñan relación previa cos acusados, cos cales case sempre formaban parte do seu círculo familiar.

Na presentación deste documento o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia alertaba de que aínda que o aumento de denuncias significa que existe unha maior concienciación social, ese incremento “demostra unha violencia oculta, para o que é necesario unha transformación real” no ámbito educativo, laboral ou familiar. Como exemplo, aludía o 20 % dos menores que negan a existencia da violencia de xénero.

Os datos dos xulgados galegos van en consonancia cos arroxados polo Ministerio de Interior no seu balance de criminalidade do primeiro trimestre do ano 2023, que reflicte que os delitos contra a liberdade sexual creceron en Galicia case un 30%. Todas as voces expertas apuntan en efecto a perda do medo a denunciar como factor para explicar este incremento (a pesar de que se supón que só se denuncia o 2 % das agresións sexuais), pero advirten dunha nova peculiaridade como é que eses delitos cada vez en maior medida os cometan menores.



Ese incremento entre a xuventude está moi relacionado co libre acceso a contidos dixitais de pornografía baseados na violencia sexual contra as mulleres así como na grave carencia de formación en materia sexual. Destes aspectos preocupouse a Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, que no capítulo I de Medidas de prevención e sensibilización incorpora:

Artigo 7. Prevención e sensibilización no ámbito educativo.

1. O sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a integración de contidos baseados na coeducación e na pedagogía feminista sobre educación sexual e igualdade de xénero e educación afectivo-sexual para o alumnado, apropiados en función da idade, en todos os niveis educativos e coas adaptacións e apoios necesarios para o alumnado con necesidades educativas específicas, respectando en todo caso as competencias en materia de educación das comunidades autónomas e en colaboración co ámbito sanitario.

2. Os currículos de todas as etapas educativas non universitarias incluírán contidos formativos sobre o uso adecuado e crítico de internet e as novas tecnoloxías, destinados á sensibilización e prevención das violencias sexuais, a protección da privacidade e os delitos cometidos a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación promovendo unha educación na cidadanía dixital mediante a consecución de competencias dixitais adaptadas a nivel correspondente do tramo de idade.

3. As administracións educativas impulsarán, nas universidades da súa respectiva competencia, a inclusión dos anteriores contidos formativos nos planes de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais nos que resulte coherente conforme ás competencias inherentes a eles.

4. Os servizos de inspección educativa, ou órganos que as administracións educativas competentes determinen, velarán polo cumprimento e aplicación do



previsto nos apartados 1 e 2 deste artigo en todos os ámbitos do sistema educativo.

Formar e educar a sociedade, con especial atención á mocidade, tanto nos perigos que comportan os contidos dixitais de violencia sexual como na necesidade de coñecer os nosos corpos e aprender a respectalos deberían formar parte da estratexia de loita contra as violencias contra as mulleres.

É por iso que as deputadas que formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a razón de que o Goberno galego non inclúa nos currículos educativos materias sobre educación afectivo-sexual, tal e como ditamina a nova lexislación estatal?
2. Diante dos casos de agresións sexuais grupais que se deron en Galicia este verán, emprendeu o Goberno galego algunha medida para frear este incremento de violencia sexual?
3. Cal cre o Goberno galego que son as causas dese incremento en Galicia?
4. Comparte o Goberno galego o criterio experto de que a falla de formación en materia sexual e o libre acceso a contidos pornográficos dende idades temperás explica en certo modo o incremento de violencia sexual entre a mocidade?
5. Que campaña ou campañas realizou nos últimos tres anos o Goberno galego para loitar contra este incremento da violencia sexual?



6. Valora o Goberno galego elaborar unha guía con recursos en materia sexual dirixida ás familias para así facilitar o necesario traballo de educación nos fogares e axudar a romper tabús sobre sexualidade?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 06/09/2023 17:30:32

Noelia Otero Lago na data 06/09/2023 17:30:44

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2023 17:30:51

Marina Ortega Otero na data 06/09/2023 17:30:59



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Fomos coñecedores de que a firma SOLARFPROFIT, unha empresa especializada na instalación de placas de autoconsumo fotovoltaico en empresas e fogares, anunciara a presentación dun Expediente de Regulación de Emprego que vai a afectar ao 30% do seu persoal en toda España. Unha empresa formada por 919 persoas, das que 43 traballan no centro de traballo do concello de Arteixo. A empresa catalá deulle ao plantel dúas semanas de prazo para constituír unha comisión co obxectivo de que participen nas negociacións sobre o despedimento colectivo comunicado.

A empresa posúe doce centros de traballo en Barcelona (onde está a súa sede), Xirona, Tarragona, Vizcaia, Madrid, Toledo, Sevilla, Málaga, Valencia, Murcia, Mallorca e o de Arteixo. Non coñecemos cales serán os centros afectados e tampouco o número de traballadores implicados. Só fomos coñecedores de que pretenden despedir a uns 275 dos 919 empregados e que dende a empresa desexan que o ERE finalice o próximo mes de outubro.

SOLARPROFIT anunciou tamén unha redución dos custos coa redistribución das zonas correspondentes a cada unha das delegacións e a racionalización do número de centros loxísticos e oficinas. A empresa argumenta o despedimento colectivo por unha caída da demanda de instalacións de paneis solares nos fogares, así como pola forte competencia e o efecto da inflación no peto dos consumidores. Segundo as informacións da propia empresa, a súa previsión de facturación baixou de 110 a 78 millóns, un 71 % menos do



previsto, e como dicíamos debido á menor demanda de placas para os fogares, o atraso na execución dos proxectos industriais e a demora na obtención de permisos.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedor o Goberno galego da situación desta empresa con 43 traballadores na oficina de Arteixo?
2. Tomou algunha medida o Goberno galego para evitar que esta empresa despida a traballadores do centro de Galicia?
3. Que medidas de apoio teñen para estas empresas e cal é o período medio para a obtención dos permisos do Goberno galego?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 06/09/2023 18:08:27





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2023 18:10:36
Nº Rexistro: 59122
Data envío: 06/09/2023 18:10:36.742

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/09/2023 18:08:39

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
213798

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as escolas infantís.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A gratuidade das escolas infantís, presentada coma unha das medidas estrelas do goberno do Sr. Rueda, está a mostrar e poñer de manifesto multitude de eivas que persisten no segundo ano de aplicación da mesma.

Unha das cuestións máis importantes que se visibiliza é o grande déficit de prazas que existen nestas escolas, sobre todo na rede pública. É evidente que Galiza non conta cunha rede de escolas infantís públicas suficiente para garantir o acceso universal de todas as crianzas. De feito, a implantación da gratuidade da escola infantil (dos custes educativos asociados á mesma) supuxo un aumento moi notable da demanda de praza deixando moitas crianzas en listaxe de agarda nas públicas, mais tamén nas privadas.

As escolas infantís son ante todo un recurso educativo, mais tamén xogan un papel importante como servizo de conciliación, esencial para moitas familias. Galiza conta tan só con 11.217 prazas para crianzas de 0 a 3 anos de titularidade da Xunta de Galiza, computando as escolas infantís da Rede Galiña Azul, centros dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e as Casas Niño, que só contan con 5 prazas e están limitadas a concellos con menos de 5.000 habitantes. Tendo en conta a poboación desta franxa de idade, a oferta de prazas chega tan só ao 17,6% das crianzas.

O resto da oferta repártese entre escolas de titularidade privada e municipais, pois mantense o feito de que as administracións locais continúen a asumir unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competencia que lles é impropia como é a educación infantil. Desde o Bloque Nacionalista Galego temos posto o foco en múltiples ocasións nesta cuestión, en que o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza está a cargar ás contas municipais unha parte importante da súa política educativa. Sen ir máis lonxe, a gratuidade da matrícula de 0 a 3 anos supón que escolas infantís municipais se están a ver agraviadas a respecto das privadas pois os concellos galegos non ven compensada en igual medida a redución de ingresos máis ao contrario, esíxelles un maior esforzo económico. Neste senso, vén de pronunciarse tamén a FEGAMP, demandando unha maior achega orzamentaria por parte da Xunta de Galiza para o mantemento destas escolas infantís.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Considera o goberno galego que a rede de escolas infantís públicas é suficiente en relación á demanda existente?
- Cantas son as novas prazas creadas e a previsión de nova creación na presente lexislatura?
- Por que non impulsa a Xunta de Galiza a creación de novas escolas infantís alí onde exista maior demanda?
- Vai asumir o goberno galego a competencia das escolas infantís municipais que é impropia dos concellos?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 06/09/2023 18:29:50

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2023 18:29:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Diego Lourenzo Moura, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de dotar ao Concello de Verín dunha Escola Infantil pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Concello de Verín na provincia de Ourense é a segunda vila, despois da capitalidade, con maior número de habitantes da provincia, concretamente 13.625 (cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2023 publicadas no IGE e con base no Padrón municipal de habitantes do INE).

A pesar de ser a segunda vila en termos poboacionais, é o primeiro municipio (despois da cidade de Ourense) con maior número de nacementos no ano 2022 (Fonte: IGE).

Con todos estes datos, Verín non conta cunha escola infantil pública, sendo a única cabeceira de comarca ourensá que non dispón dunha instalación de carácter pública.

Existe na actualidade unha escola infantil privada de 0 a 3 anos que non chega a 50 prazas o que resulta totalmente insuficiente para dar cobertura á demanda existente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o ano 2009 levamos observando o anuncio do Goberno Galego do Partido Popular da posta en marcha dunha escola infantil pública que a día de hoxe nunca foi executada.

Entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais regulado no artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, están incluídos o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galiza, establece no seu artigo 49.1 que a Administración autonómica garantirá a calidade e o carácter inclusivo dos recursos de educación infantil 0-3, avanzará na súa universalización e gratuidade e promoverá a dotación suficiente de prazas e os recursos para facer efectivas as posibilidades de acceso, permanencia e promoción de toda a poboación infantil a esta etapa educativa, preferentemente en centros públicos.

Da lectura deste articulado despréndese a importancia de contar con escolas infantís públicas xestionadas polo Xunta de Galiza que atendan á infancia e permitan a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega, ao tempo que facilitan a inserción no mercado laboral.

A ausencia de suficientes prazas – privadas- e ningunha pública no Concello de Verín fai que as familias opten por levar as súas fillas/os a outros Concellos da contorna que contan con Galiña Azul ou casas niño o que supón un problema de xestión de tempos e conciliación laboral pola distancia destas instalacións con Verín.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Considera a Xunta de Galiza que o Concello de Verín debe contar cunha Escola Infantil Pública?

- Dende o ano 2009 levamos asistido ao anuncio por parte do Goberno Galego do PP da posta en marcha dunha Escola Infantil en Verín que nunca se executou, cal é a razón?

- Vai o Goberno Galego orzamentar e executar a construción dunha Escola Infantil Pública no Concello de Verín?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2023

Asdo.: **Diego Lourenzo Moura**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2023 18:43:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 06/09/2023 18:43:51

Diego Lourenzo Moura na data 06/09/2023 18:44:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

Exposición de motivos

En outubro de 2022 o entón xa Presidente da Xunta, Alfonso Rueda e o alcalde da cidade de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, mantiveron un encontro na sede da Xunta na cidade. Na información pública de dito encontro transcenderon unha serie de compromisos dos que os máis importantes levaban tempo en axenda e continúa incumpridos.

Hoxe Ourense non avanzou nas grandes infraestruturas, ten o termalismo bloqueado, segue sen ecobarrio da Ponte, non ten un só centro de saúde novo nos últimos anos malia as promesas respecto do Vinteún ou Mariñamansa, non ten máis prazas públicas directas para a atención residencial de maiores na cidade nin ten unha nova escola infantil desde hai máis de 14 anos. Outros aspectos nos que o abandono da Xunta a Ourense é máis evidente é o referido ao transporte público por estrada e ao chamado transporte metropolitano, que segue sen existir mentres Ourense ten que conformarse cunha chapuza “intermodal”, remendos varios e remodelacións con moitas carencias como a da Avenida Otero Pedrayo ou a de Marcelo Macías.

Á vista está que a presunta “discriminación positiva” do goberno galego cara Ourense que repite recorrentemente en cada exercicio orzamentario só obedece a unha trampa estatística, unha ilusión pola cal o investimento “per cápita” é maior





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

simplemente porque hai menos “cápitas” por mor da crise demográfica, económica e social que vive con maior intensidade esa parte do territorio. Á vista está tamén que o que ía ser un “alcalde letal” segundo Feijoo non foi compensado cun maior apoio do goberno galego.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Cal é a valoración do goberno galego respecto dos seus incumprimentos con Ourense, especialmente en materia de investimentos e orzamentaria?

Cales son as razóns dos atrasos de investimentos importantes para a cidade como un centro de atención á discapacidade ou a negación de novos investimentos en materia de atención primaria?

Considera o goberno galego que se combate a crise demográfica de Ourense sen planificar e construír unha soa nova escola infantil na cidade en máis de 14 anos?

Por que cuestións como o termalismo ou o plan de transporte metropolitano están bloqueadas?

Que indicadores obxectivos manexa para asegurar que o investimento orzamentario en Ourense está ben dirixido e é suficiente?

Cal é a valoración da relación institucional co concello de Ourense?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2023 14:07:09

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/09/2023 14:07:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as necesidades do CEIP San Xoán de Filgueira no concello de Ferrol.

Exposición de motivos

No CEIP San Xoán de Filgueira do concello de Ferrol veñen de recibir a nova da eliminación dunha unidade de primaria por non chegar o número de matrículas a 18, xa que pecharon o prazo inicial de matrícula en 17.

A comunidade educativa do centro xa se ten manifestado en contra desta decisión que cualifican como último inviste contra o ensino público por parte da Xunta de Galiza.

Desde logo non pode entenderse de outro xeito semellante rixidez á hora de adoptar unha medida de inevitábeis efectos pedagóxicos e sociais negativos para esa comunidade escolar. Mais inexplicábel aínda semellante rixidez en canto esixencia de ratios mínimos cando o histórico do centro acredita que todos os anos o número de matrículas aumenta ao longo do curso.

Desde o BNG compartimos as demandas da comunidade educativa e demandamos que a realidade específica de cada centro, a realidade do contexto social e o papel que xoga o centro educativo no seu ámbito de influencia deben ser analizados tomados en consideración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E demandamos a corrección inmediata da política educativa que a Xunta de Galiza leva aplicando durante estes 14 anos de goberno do Partido Popular, de recortar recursos e servizos no ensino público para favorecer a competencia dos centros concertados.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Coñece a Xunta de Galiza as características sociais do ámbito de influencia do CEIP San Xoán de Filgueira do concello de Ferrol?
2. Considera a Xunta de Galiza que esta medida é positiva para o Concello ou para o barrio?
3. Considera a Xunta de Galiza que este recorte no CEIP San Xoán de Filgueira pode provocar que a poboación que tiña este centro como referencia procure un mellor servizo en outros centros próximos?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/09/2023 11:17:37

Cristina Fernández Davila na data 07/09/2023 11:17:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación da atención sanitaria no concello da Pontenova.

O concello da Pontenova conta coa presenza de un médico e unha médica, máis dúas enfermeiras que se ocupan de atender a unha poboación duns 2100 habitantes aproximadamente. Porén, a situación cambia nos meses de verán, meses nos que os e as sanitarias gozan das súas vacacións, que adoitan ser de 15 días respectivamente.

Deste xeito, a realidade é que A Pontenova pasa a contar unicamente cun médico que se debe encargar de atender a todos os pacientes, xunto aos posibles doentes que se atopen de vacacións ou facendo turismo na vila.

Evidentemente, o feito de non cubrir os períodos vacacionais dos profesionais da sanidade ten consecuencias que se ven tamén no Centro de Saúde da Pontenova. Por desgraza, neste mes de agosto volvemos ver esperas de máis dunha semana para ter unha cita médica, para obter os resultados dunhas análises ou para conseguir receitas médicas.

Todo isto conleva o evidente malestar dos e das doentes, a súa preocupación e o atraso na diagnose das súas doenzas. Alén disto, nestes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comezos do mes de setembro observamos que a situación empeora, xa que as citas médicas xa se datan para dúas semanas máis tarde.

Finalmente, as consecuencias tamén se poden observar no concello de Meira no que está o PAC, que debido ás derivacións que reciben poden comprobar como a saturación é cada vez maior.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

- Considera a Xunta de Galiza que a situación do Centro de Saúde da Pontenova é a axeitada?
- Vai a Xunta de Galiza cubrir con máis profesionais sanitarios calquera baixa laboral ou período vacacional que afecte aos e ás traballadoras do Centro de Saúde da Pontenova?
- Cre a Xunta de Galiza que os e as habitantes da Pontenova están ben atendidos e atendidas cun só médico no seu Centro de Saúde?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2023 12:30:32

Daniel Castro García na data 07/09/2023 12:30:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Comité de Empresa da compañía Atento acordou por unanimidade para todo o Servicio de Atento Teleservicios, incluídas as contratacións por ETT, un paro de 24 horas, ademais dunha concentración co fin de esixir á empresa a readmisión de 5 persoas traballadoras despedidas e en defensa dos postos de traballo.

Alude o comité en que a empresa está procedendo o despedimento, de novo, de traballadores e traballadoras sen causa que o xustifique baseados en mentiras de baixo rendemento, coa intención de dismantelar sen motivo a quenda do fin de semana.

Os despedidos se encadran dentro dun proceso de dismantelamento que vén sufrindo o sector do Telemarketing en Galicia nos últimos anos.

A esta circunstancia hai que engadir que nos últimos anos a empresa non procede a cobertura das vacantes xeradas por xubilacións, despedidos ou incapacidades.



Por ilo, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que previsión de actuación ten o Goberno galego ante a problemática existente na empresa Atento situada na Coruña?
2. Ten previsto o Goberno galego reunirse cos representantes das persoas traballadoras co fin de coñecer de primeira man a problemática existente así como a perda de postos de traballo que se prevén na compañía?
3. Conta o Goberno galego dun plan de actuación concreto ante a perda continuada de postos de traballo no sector do Telemarketing en Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

213816

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2023 12:43:52
Nº Rexistro: 59148
Data envío: 07/09/2023 12:43:52.666

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/09/2023 12:39:46

Pablo Arangüena Fernández na data 07/09/2023 12:39:59

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2023 12:40:13

Marina Ortega Otero na data 07/09/2023 12:41:19

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
213817

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A saúde mental continúa a ser un dos graves problemas que presenta o sistema público de saúde, pola súa deficiente dotación de recursos para afrontar as patoloxías que, cada vez máis, están máis presentes e máis identificadas entre a sociedade.

O avance na visibilización e normalización da presenza da saúde mental como un fundamental indicador de saúde das persoas avanza imparablemente na actualidade, favorecendo a imaxe colectiva da necesaria relevancia que este servizo debe ter dentro do sistema público de saúde. Non en tanto, a atención que a saúde mental recibe no conxunto de España é desigual en función das comunidades autónomas e dos sistemas autonómicos que son os responsables da xestión. Estas desigualdades percíbense de maneira clara na dotación de recursos humanos en saúde mental, así como a estrutura asistencial que intenta dar resposta ás necesidades.

Galicia atópase na cola das comunidades autónomas de España no que fai referencia ás ratios de profesionais por habitante nas categorías de psiquiatría, psicoloxía clínica ou enfermería especialista en saúde mental. Mais a realidade das necesidades é moi dura, pois Galicia tamén se sitúa entre as comunidades autónomas de España con maior taxa de consumo de psicofármacos, e entre as que rexistran o maior volume de suicidios anuais.



O problema de recursos humanos afecta á accesibilidade de maneira grave, pois a media de esperas para unha primeira cita en saúde mental no sistema público sitúase no entorno dos 4 meses, segundo apuntan os profesionais propios do Sergas. Esta situación, inaceptable, leva anos sen recibir a atención necesaria por parte do Goberno galego responsable da xestión do sistema sanitario.

A situación é incluso máis preocupante no área infanto – xuvenil. Os últimos tempos, especialmente ao fío das consecuencias provocadas pola pandemia, alertaron ante a sociedade un problema que estaba xa sendo obxecto de moita preocupación entre os profesionais da saúde mental. O aumento de episodios de problemas en saúde mental en idades temperás e adolescencia aumentan de maneira exponencial, e isto está derivando en consecuencias graves, como aumento de ata 20 % en trastornos alimentarios (*Programa de prevención primaria e secundaria de trastornos alimentarios na ESO*, Fundación Fita). Recentes estudos académico – profesionais (Cuéllar – Flores y otros, 2022) apuntan a necesidade fundamental de incrementar recursos en atención infanto – xuvenil, e sinalan tamén neste área a existencia dunha enorme desigualdade entre comunidades autónomas neste campo, con Galicia sinalada de maneira negativa.

A pesares disto, Galicia sigue cun rumbo errático no deseño do sistema asistencial de saúde mental. A unha deficitaria dotación de recursos humanos súmase a falta de claridade dun modelo que eliminou centros psiquiátricos sen crear unha rede alternativa de espazos no territorio para dar solucións e saídas aos casos que precisan ingreso, así como a paupérrima convicción da necesidade de vincular a saúde mental coa rede de atención primaria como sinalan todas as propostas actuais para mellorar a accesibilidade en saúde mental e que Galicia deu por resolta coa incorporación dun único profesional de psicoloxía para cada área sanitaria.



Outros problemas de organización de sistema, como a absorción por parte do Sergas dos centros de atención a condutas aditivas, hoxe xestionados por algúns concellos (o que resulta enormemente ineficiente por ser unha asistencia clínica) tamén amosan a falta de compromiso real dos dirixentes sanitarios de Galicia. Peor perspectiva existe ao saber que varias destas cuestións teñen sido obxecto de debate vía parlamentaria con dous tipos de resultados: rexeitamento por parte do propio goberno galego e do Partido Popular, ou aprobación parlamentaria que termina por incumprirse e fai continuar o problema. Particularmente en marzo de 2021 unha proposta do PSdeG-PSOE acadou varios acordos unánimes no Parlamento que terminaron por ser ignorados en boa parte polo Goberno galego.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como explica o Goberno de Galicia o seu incumprimento repetido respecto das necesidades en saúde mental en Galicia tras acordos parlamentarios para afrontalas?
2. Considera o Goberno de Galicia que os datos sobre saúde mental en Galicia validan como efectiva a súa política respecto destes servizos e a súa planificación e dotación de recursos?
3. Cre o Goberno galego que debe fortalecer o modelo dun grande hospital psiquiátrico en Galicia, situado agora en Conxo, ou debe orientar o sistema a centros máis atomizados e con vinculación territorial específica?
4. Cando considera o Goberno de Galicia que deberían existir unha unidade de hospitalización infante – xuvenil en cada área sanitaria?
5. Estima o Goberno galego que é eficiente que parte dos servizos sanitarios asistenciais sexan ofrecidos dende as administracións locais como ocorre coas unidades de condutas aditivas?

Santiago de Compostela, 7 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2023 12:45:35
Nº Rexistro: 59154
Data envío: 07/09/2023 12:45:35.744

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2023 12:36:58

Marina Ortega Otero na data 07/09/2023 12:37:07

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
213821

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a aprobación da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de agosto do ano 2022 a Xunta someteu a procedemento de información pública o proxecto de orde pola que se aproba a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxica. Durante o prazo para remitir suxestións, que rematou o 24 de outubro de 2022, recibíronse 9 achegas.

Desde o mes de outubro de 2022 non hai constancia de avances na tramitación e aprobación deste instrumento de protección ambiental, necesario para corrixir e complementar a escasa protección que ten o noso territorio en materia de espazos naturais e biodiversidade.

Cómpre ter en conta que desde o ano 2017 a Xunta vén anunciando a elaboración e aprobación da Estratexia, e que en 2018 iniciáronse os traballos para a elaboración da Estratexia de Infraestrutura Verde da área da Coruña.

Transcorridos 5 anos desde o primeiro anuncio e case un ano desde o remate do procedemento de información, consideramos que é urxente aprobar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

este instrumento de xestión das infraestruturas verdes, de conectividade e de restauración ecolóxica.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é a razón do retraso da aprobación da Estratexia de infraestrutura verde?

Cando prevé a Xunta aprobar a citada Estratexia?

Cales son as consecuencias do retraso na aprobación da estratexia?

Que orzamentos prevé a Xunta destinar ao desenvolvemento da Estratexia?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2023 16:21:44

Alexandra Fernández Gómez na data 07/09/2023 16:21:48

Paulo Ríos Santomé na data 07/09/2023 16:22:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á situación socio-económica e laboral na Galiza que se reflicte nos datos do desemprego no mes de agosto do SEPE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha análise seria e responsable da situación social, económica e laboral do noso país esixe un estudo de conxunto de diferentes indicadores. O estudo deses indicadores como elementos estanco impide ter unha visión global da realidade socio-económica galega e limita (e condiciona) a adopción por parte do goberno galego, dentro das súas competencias, de medidas realmente efectivas que permitan transformar e mellorar a nosa realidade.

Os datos de desemprego de Galiza do mes de agosto, publicados polo Servizo Público de Emprego Estatal fai uns días, analizados con rigor e perspectiva, amosan que o noso mercado de traballo segue a sufrir de determinados males que xa podemos definir como estruturais.

En relación ao mes de xullo, en agosto hai máis persoas desempregadas no SEPE (+0,22%), mentres descende a afiliación á seguridade social en 4.217 persoas (-0,4%) . Nunha economía como a galega, excesivamente dependente do sector servizos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do turismo, hai que vincular eses datos á estacionalidade e á previsión de descenso do número de visitantes na chamada tempada baixa.

Son datos que manifestan a debilidade do noso mercado laboral, precisamente por ter unha economía excesivamente dependente do sector servizos (e polo tanto da estacionalidade) mentres a industria languidece no noso país. A estacionalidade que impera no sector servizos segue a condicionar os datos de afiliación e provoca a caída dos contratos indefinidos mentres aumentan os temporais. Os datos do SEPE evidencian que foi, máis unha vez, no sector servizos (o máis precario, temporal e con salarios máis baixos) onde se rexistraron as novas persoas desempregadas. E que de novo as mulleres sofren dunha maior inestabilidade laboral, ao haber un 0,7% de desempregadas máis en relación co mes anterior, mentres entre os homes o paro baixou. A isto hai que hai que sumarlle un descenso do número de contratos asinados en agosto; e dos asinados, aumentan os temporais. De novo, a temporalidade e a precariedade.

Ademais, no relativo aos salarios e pensións Galiza segue a ocupar os vagóns de cola, xa non só respecto a Europa (a remuneración media mensual galega é un 25,3% máis baixa que a media europea), senón tamén en relación á remuneración media española, 150 euros máis alta.

Esta situación laboral comunica de xeito directo coa socio-económica. Así, a Enquisa de Condicións de Vida publicada polo Instituto nacional de Estatística antes do verán alertaba do feito que un de cada catro galegos e galegas se atopa en risco de pobreza ou exclusión social. O que supón que o 23,6% da cidadanía galega está nesa situación. Unha porcentaxe que diminúe lixeiramente en relación ao ano anterior pero que é, en calquera caso, moi elevada. Ademais, un 39,1% de galegos e galegas non pode permitirse ir de vacacións, e o 29,3% non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente que entre o laboral, social e económico hai vaso comunicantes, que explican a realidade actual da Galiza.

Por todo isto é imprescindible un cambio de rumbo nas políticas implementadas até o de agora polo goberno galego, para así impulsar os nosos sectores produtivos e, nomeadamente, a industria, que se amosa coma un piar para fortalecer a nosa economía, favorecendo a creación de emprego estable e de calidade que mellore a situación das maiorías sociais do noso país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- Como valora o goberno galego os datos de desemprego rexistrado do mes de agosto?
- Considera que eses datos amosan un mercado laboral forte e dinámico?
- Considera o goberno galego que a nosa economía depende en exceso do sector servizos?
- Considera o goberno galego que a temporalidade é un problema estrutural do mercado de traballo galego?
- Cal considera o goberno galego que é a causa da temporalidade?
- Que medidas pensa aplicar para atallar a temporalidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o goberno galego que as políticas aplicadas até o de agora resolveron a concreta problemática de mulleres e xente moza dentro do mercado de traballo galego?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 07/09/2023 16:52:23

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2023 16:52:29

Ramón Fernández Alfonso na data 07/09/2023 16:52:39



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.” E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa



lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia, porén, a día de hoxe, este segue a estar pendente do se desenvolvemento.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:



1. Antecedentes

2. Introducción

3. Propostas

E neste último punto hai varios apartados, entre os que se inclúe:

3.1. Financiamento local.

3.1.3.Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.

3.1.4.Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño de 2020, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e se establece o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais puideran saír desa crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás, medidas previstas dentro do punto 4.2 do dito plan:

- 4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais
- 4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento
- 4.2.3 Medidas sociais
- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas
- 4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, unha vez máis, todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia a través dun plan de reequilibrio territorial.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado



no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X e o que vai desta XI Lexislaturas a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que teñen incrementado as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñan achegado o financiamento necesario para poder desenvolvelas.

Nesta lexislatura, chegouse ao acordo de facer esta delimitación de competencias de cada administración e o seu financiamento, polo que despois de non poder acordar o xeito de elaborar o estudo, ambas partes deciden que cada un elabore un estudo sobre esta materia, estudos que foron elaborados e presentados, e xa se mantivo a primeira reunión conxunta para chegar a acordos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai o Goberno galego acordar coa Fegamp, neste exercicio 2023, a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade autónoma de Galicia, os criterios de reparto das subvencións convocadas pola administración autonómica e a elaboración dun Plan de reequilibrio territorial?

Santiago de Compostela, 7 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2023 17:43:14
Nº Rexistro: 59179
Data envío: 07/09/2023 17:43:14.385

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/09/2023 17:38:15

Paloma Castro Rey na data 07/09/2023 17:38:26

Pablo Arangüena Fernández na data 07/09/2023 17:38:43

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
213833

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O 20 de agosto a selección feminina española de Fútbol gañaba o Mundial, unha merecida vitoria que se viu empañada pola máis que reprobable actitude do presidente da Federación Española de Fútbol, Luis Rubiales, que non satisfeito co seu comportamento no palco de autoridades ao longo do partido agredía ao final sexualmente unha futbolista da selección, tal e como ela denunciaba publicamente días máis tarde.

O coñecido informativamente como 'Caso Rubiales' acaparaba naqueles días as portadas dos xornais e abría espazos informativos radiofónicos e televisivos xa non só no Estado senón tamén no ámbito internacional, ocupando boa parte das grellas na busca de reaccións a un comportamento que transcendeu o deportivo e se converteu nun novo 'me too' de increíbles repercusións.

Mais iso que foi evidente para os medios informativos de todo o mundo parece que non o foi tanto para os medios públicos galegos, que dedicaron a esta cuestión xa non só pouco espazo senón ás veces nin unha soa mención nas súas grellas dos informativos xerais. Nin ao Caso Rubiales nin moito menos ás declaracións do señor Louzán xustificando o comportamento do seu superior, a pesar de que movementos feministas e tamén organizacións políticas -entre elas o PSdeG- esixían a súa dimisión.

Diante dun novo caso de manipulación informativa, que pola contra debera ser para os nosos medios públicos unha magnífica oportunidade de sumarse ao



clamor social pola igualdade, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a radio e televisión públicas non dedicaron boa parte dos seus espazos informativos ao 'Caso Rubiales' habida conta da transcendencia social, tamén en Galicia, que estaba a ter?
2. Considera que un tratamento informativo axeitado deste caso por parte dos nosos medios públicos axudaría a afortalar os valores da igualdade na sociedade galega tal e como debera ser a súa misión?
3. Está satisfeito co tratamento informativo dado?
4. Que entenden as persoas responsables da radio e televisión públicas galegas por información de proximidade? Considera que o que opine o presidente da federación galega de fútbol sobre o comportamento do presidente da Federación Española de Fútbol o é? Cal foi a razón de non informar sobre estas declaracións?
5. Considera que a sociedade galega debe coñecer a repercusión que tivo o 'Caso Rubiales' no seu propio país?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

213835

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2023 13:51:50
Nº Rexistro: 59086
Data envío: 06/09/2023 13:51:50.002

Noa Susana Díaz Varela na data 06/09/2023 13:42:19

Noelia Otero Lago na data 06/09/2023 13:42:42

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
213836

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Olalla Rodil Fernández e Diego Lourenzo Moura, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o tratamento por parte da CRTVG da agresión de Rubiales.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa a Revista emitiu o pasado 30 de agosto un corte cunha vídeomontaxe na que se ve á futbolista Jenni Hermoso nun contexto e nunha actitude de celebración. A emisión deste corte persegue situar o foco sobre a agredida e criticar a súa conducta, o que supón unha revitimización.

A citada montaxe foi difundida polo propio Rubiales como mecanismo para deslexitimar á vítima. Como quedou evidenciado, a estratexia de Rubiales foi dende un inicio atacar e presionar á xogadora, sendo este un paso máis que se enmarca nesa estratexia xeral.

A emisión en directo deste vídeo na televisión pública galega, fabricado polo propio Rubiales, carece de interese informativo e a súa emisión apenas serve para afianzar a postura de Rubiales. De feito o propio comentarista do programa conclúe en relación co vídeo dicindo que “Luís Rubiales ten dereito a unha defensa” e que este vídeo é o seu alegato nos medios e ante a FIFA. Este comentarista tamén relaciona as imaxes, co feito de que o TAD se retrasase na súa decisión. É dicir, preténdese trasladar a hipótese á audiencia de que a agresión non é clara, a pesar de que as imaxes non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deixan lugar a dúbidas. De forma que o ambiente de celebración no que se grava o vídeo sería a proba de que a agresión non foi o suficientemente grave.

O comentarista en ningún momento fala de agresión, nin de vítima, nin de agresor, senón dunha situación delicada. É máis, o comentarista invita a sacar as conclusións sobre a posible agresión, non en base á propia agresión senón xulgando o comportamento da propia agredida nun contexto de celebración horas máis tarde.

Tamén se reforza o marco patriarcal que acusa ao feminismo de atacar a Rubiales con frases como “É un home arrinconado”, en lugar de situar a reacción da FIFA como unha resposta ante os seus actos.

Ademais se comparamos o tratamento deste caso por parte da corporación con outros medios, evidénciase que a CRTVG ten moito traballo que facer en materia de feminismo. Mentres a maioría de medios van sinalar estes días a incoherencia de quen primeiro avalaron e aplaudiron a Rubiales na asemblea na que anunciaba que non pensaba dimitir, cando días despois, xa con Rubiales apartado, van mudar de opinión. Neste caso, o tratamento que se lle dá por parte da CRTVG ao presidente da Federación galega, procura quitar o foco da súa incoherencia e o seu cambio de postura.

Este tipo de discursos non poden aceptarse nuns medios públicos que deben estar totalmente implicados na loita contra a violencia machista e a prol de igualdade. Por iso é necesario e urxente a incorporación da perspectiva de xénero nos medios públicos. Lamentablemente pezas como esta son habituais nos nosos medios. A pesar das reiteradas denuncias que o noso grupo vén facendo nesta Cámara semella que nada cambia dentro da corporación. Por tanto, non se pode achacar esta situación ao descoñecemento senón que a unha actitude deliberada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Considera a CRTVG que se debeu emitir o vídeo que pon o foco na vítima?
- É consciente a dirección da CRTVG que este vídeo supón unha revitimización da agredida?
- Que vai facer a CRTVG para acabar con este tipo de comentarios que afianzan un machismo estrutural?
- Que vai facer a CRTVG para incorporar a perspectiva de xénero?
- Non considera que o cambio de posición do señor Louzán tiña máis relevancia informativa?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Diego Lourenzo Moura

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 07/09/2023 17:09:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 07/09/2023 17:09:26

Diego Lourenzo Moura na data 07/09/2023 17:09:39



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A historia da autovía A-54 Lugo-Santiago, que conectará o centro e o interior de Galicia, está chea de retrasos. Son numerosos os reaxustes de obra, suspensión de traballos, modificacións de trazados, anulacións de procedementos e novas licitacións que sufriu esta infraestrutura, nomeadamente baixo os gobernos do PP en Madrid, co silencio cómplice do goberno popular na Xunta de Galicia.

Dende a chegada de Pedro Sánchez a Presidencia do Goberno as obras avanzan a un bo ritmo, a pesar de imprevistos e a pesar das que as obras pendentes na A-54, que foran contratadas con moitos problemas polo PP cando estaba no goberno, implicaran retrasos xa que o mal deseño inicial da mesma nalgún tramos, que non se axustaba a realidade nin tiñan en conta o respecto arqueolóxico, obrigou a facer novas avaliacións ambientais.

A pesar de que esta infraestrutura fora totalmente esquecida durante moitos anos polo PPdeG, en setembro de 2022 decidiron iniciar unha campaña terxiversando a realidade dos feitos e empregando o manido mantra de que “Sánchez marxina a Galicia” e pedíanlle ao Goberno Central que acelerara os prazos desta infraestrutura presentando tamén mocións nos concellos para presionar ao executivo central. O senador polo Provincia de Lugo, Barreiro dicía “as infraestruturas viarias en Galicia dependentes do Goberno están a sufrir importantes atrasos, xa sexa pola lentitude coa que se están a executar as obras ou porque directamente están paralizadas”.



De novo o PPdeG, nun novo exemplo de cinismo político preguntábase na recente campaña das eleccións xerais “ por que a A-54 Santiago-Lugo non está rematada”. A súa Secretaria Xeral dicía na recta final desa campaña que isto era unha mostra do “maltrato de sanchismo” e un “aseñamento con Lugo”. Nese mesmo acto o cabeza de lista do PP ao Congreso dos Deputados pola Provincia de Lugo dicía que “xa non hai cabida para máis escusas para non rematar esta infraestrutura”.

Pois ben, o certo é que esas preguntas do populares galegos debería ir dirixidas a Xunta de Galicia, e nomeadamente a Augas de Galicia, xa que cando facían estas declaracións o Goberno galego, debido o seu desleixo de obrigas e ineficacia administrativa, estaba a retrasar e paralizar un permiso necesario para poder avanzar nas obras desta infraestrutura.

Estes días coñeciamos que Augas de Galicia, como organismo que regula as concas fluviais, tiña unha solicitude de permiso, dende o pasado mes de abril, para autorizar unha obra imprevista. En abril solicitábase pola empresa encargada de facer as obras permiso e proxecto para o retranqueo do río Ladrón, que permitira seguir avanzando nas obras dun viaduto no tramo Arzúa-Melide da A-54 Lugo-Santiago. A Xunta de Galicia retrasou este permiso 4 meses e medio, e casualidades da vida deuno poucos días despois a que este retraso saíra a luz pública. Ao día seguinte de dar o permiso por parte de Augas de Galicia o MITMA iniciou os traballos de desvío da canle do río para continuar coas cimentacións do viaduto. O proxecto presentado a Augas de Galicia pretendía facer estas obras durante os meses de xullo, agosto e setembro por ser os meses con mellores perspectivas climatolóxicas para levalas a cabo, pero claro, debido o desleixo de funcións da Xunta de Galicia isto non poderá ser unha realidade xa que dita autorización non chegou ata o 30 de agosto.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal ou cales foron os motivo polos que Augas de Galicia retrasou o permiso de retanqueo do río Ladrón, que permitirá seguir avanzando nas obras dun viaduto no tramo Arzúa-Melide da A-54 Lugo-Santiago?
2. Non pensa a Xunta de Galicia que coa súa escasa celeridade vai a provocar un retraso inxustificado neste tramo da obra, xa que agora nos adentramos en meses que non son tan favorables para levala adiante, xa que son meses nos que en Galicia soe chover moito?
3. Pensa a Xunta de Galicia que neste caso actuou coa celeridade que o propio Goberno galego lle reclama ao goberno central no tocante a esta infraestrutura?

Santiago de Compostela, 1 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 01/09/2023 12:19:06

Eduardo Ojea Arias na data 01/09/2023 12:19:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Exposición de motivos

En marzo de 2023 os medios de comunicación locais de Ourense fixéronse eco das demandas dos veciños e veciñas de Vilariño, na parroquia de Castro de Beiro, concello de Ourense. Ademais de enormes problemas de oferta de acceso a internet, que impide a moita veciñanza teletraballar ou poder manter o seu posto de traballo nesta zona, a veciñanza denunciaba os problemas de cobertura de teléfono móbil, que se ben se suman aos problemas de acceso a internet, son aínda máis graves pois o impedimento de poder contactar ou ser contactados por telefonía móbil é mesmo un perigo para a saúde.

Após coñecérense estas demandas e protestaren as persoas desta zona, mantiveron un encontro coa xefatura de telecomunicacións da Subdelegación do goberno, que os informou de que esta zona estaba incluída no plan de banda ancha e unha serie de procedementos de solicitude e reclamación que podían realizar para isto e tamén para a cuestión da telefonía móbil.

Pasados os meses vén de coñecerse que a actitude do goberno central non está a ser proactiva nin resolutiva. A algunha veciña xa lle chegou unha resolución que desestima todas as reclamacións que emitira por indicación da subdelegación e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

basicamente remítense ás alternativas e previsións de iniciativa privada que se prevén a futuro.

Na sociedade actual o acceso a unha rede de telefonía e de internet é un elemento básico e imprescindible para as e os veciños poderen desenvolver as súas vidas persoais e profesionais en condicións de igualdade de oportunidades. Non en balde, a propia Unión Europea consagrou en setembro de 2016 esta cuestión como un dereito fundamental. Xa que logo, poder ter unha mínima calidade de comunicación telefónica é directamente imprescindible.

É necesario, por todo o exposto, que a Xunta de Galiza vele polos intereses desta veciñanza e empregue as súas ferramentas técnicas e de negociación política para atopar unha solución, en colaboración con outras administracións, para facilitar unha saída ao grave problema de acceso ás telecomunicacións que padece a veciñanza de Beiro en Ourense.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai impulsar o goberno galego unha mesa de traballo interinstitucional para acadar as medidas necesarias que solucionen o problema de illamento tecnolóxico da veciñanza de Beiro en Ourense?

Vaise dirixir á compañía telefónica, como institución, para esixir as melloras correspondentes?

Vai apoiar á veciñanza cos medios necesarios por parte de AMTEGA e da Xunta de Galiza ante esta inxustiza?

Vai aproveitar para diagnosticar os problemas da comarca e impulsar as accións propias ou alleas precisas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recibira a Xunta de Galiza reclamacións particulares ou institucionais desta zona?

Considera o goberno galego que esta situación é compatíbel coa fixación de poboación e o desenvolvemento profesional para as pequenas e medianas empresas e persoas traballadoras autónomas?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2023 13:12:35

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/09/2023 13:12:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 01/09/2023 13:12:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Cristina Fernández Davila, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao mantemento FP básica de Servizos Administrativos e liña de Educación Secundaria Adultos no IES Eduardo Pondal (Ponteceso).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Eduardo Pondal de Ponteceso tiña asignadas para o curso 2023/2024 dúas liñas de FP Básicas. Unha, a de competencias básicas para a empregabilidade, chamada de Servizos Administrativos; e outra, de competencias profesionais específicas da rama da auto-moción chamada de Mantemento de Vehículos.

Con esta planificación abriuse o período de matrícula no IES de Ponteceso para o vindeiro curso e comezáronse a formalizar matrículas para ambas liñas de FP básica.

Pero como xa vén sendo tristemente habitual, ben avanzado o mes de xullo, cando estaban formalizadas un total de 14 prazas para a liña de Mantemento de Vehículos e outras 6 para a liña de Servizos Administrativos, a Inspección educativa comunicou á dirección do centro a súa decisión de cancelar no IES de Ponteceso a FP básica de Servizos Administrativos.

As ratios serviron, máis unha vez, de escusa para aplicar recortes na educación pública, amortizar profesorado e castigar sen disimulo ás persoas que queren (e teñen dereito) a formarse e vivir no rural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É sabido que o número mínimo de matrículas (número estándar aplicado aos centros de ensino radicados en cidades) para manter unha liña de FP básica é de 8 matrículas, mais tamén é certo que desde a Consellería de Educación se optaba en moitos casos por relaxar a esixencia mínima de matrículas para centros radicados no rural.

Porén, esa decisión da a Consellería ten un efecto arrastre maior, ao incrementar a xa existente sobrecarga de traballo do persoal docente, xa que no IES Eduardo Pondal de Ponteceso haberá para o vindeiro curso un grupo de FP básica vocacional como é a rama de auto-moción que estará formado por 20 rapaces e rapazas, cando o número máximo de alumnos por grupo na FP básica é de 18. Afectando tamén ás lexítimas expectativas educativas de parte do alumnado.

Ademais, desde a dirección do centro educativo manifestan a necesidade de que o IES Eduardo Pondal sexa dotado cun docente adicional (que lles foi retirado en xuño) para así poder manter as dúas liñas de FP Básica que se tiñan asignadas até o de agora.

Por outra banda, este mesmo instituto vén tendo dentro da súa oferta formativa unha liña de Educación Secundaria para Adultos (ESA), que cada curso finalmente se aprobaba ou non, dependendo das solicitudes de matrículas formalizadas.

O número mínimo xeral de matrículas esixidas para conceder esa liña educativa é de 15, polo que nos dous anos anteriores (nos que as persoas interesadas foron 4 e 6) non se chegou a impartir. Mais este ano á dirección do centro xa lle consta que hai un total de 10 persoas interesadas en seguir estes estudos, que serán máis cando se abra o período de matrícula. Sendo imprescindible para impartir esta liña ESA a incorporación de 2 docentes adicionais no cadro de persoal do centro.

A Consellería mantén entre a carta de servizos deste centro a ESA (Educación Secundaria para Alumnos), mais, a pesar do incremento das persoas interesadas e da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilidade (e o recomendable) de relaxar os mínimos de matrículas esixidos cando do rural se trata, a inspección educativa xa adiantou que serán necesarias *sine qua non* 15 matrículas para activar a liña ESA.

O garantir un ensino público de calidade, unhas condicións de traballo dignas do persoal docente e o poder vivir no rural se así o elixes, esixe que desde a Xunta de Galiza se remate cunha política de recortes nos servizos públicos (e nomeadamente no ensino e na sanidade) que o que está a facer é cebar o abandono progresivo do rural, a crise demográfica e que se dispare a taxa de envellecemento na Galiza.

A problemática que se da no IES Eduardo Pondal de Ponteceso é paradigma desta situación, inducida polas políticas de recortes nos servizos públicos e de desleixo co rural perpetradas polo goberno galego nos últimos catorce anos e apoiadas sen rubor polo Partido Popular neste Parlamento.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que criterio empregou a Consellería de Educación para non conceder a liña de FP básica de Servizos Administrativos e a liña de Educación Secundaria Adultos (ESA) o vindeiro curso no IES Eduardo Pondal de Ponteceso?

Considera o goberno galego que o criterio empregado contribúe a fixar poboación no rural, a loitar conta a crise demográfica e a alta taxa de envellecemento que existe na Galiza?

Considera o goberno galego que a decisión de non conceder neste centro a liña de FP básica de Servizos Administrativos garante o dereito a formarse e o acceso a un ensino digno e de calidade para o alumnado que vive no rural?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que a decisión de non conceder a liña de Educación Secundaria de Adultos no IES Eduardo Pondal de Ponteceso garante que as persoas que viven neste concello rural e nas proximidades, que pretendan completar a súa formación e adquirir máis coñecementos, podan facelo?

Considera o goberno galego que a decisión de non conceder a liña de FP básica de Servizos Administrativos coadxuva ao axeitado aproveitamento académico e á posterior a incorporación ao mercado de traballo das mozas e mozos que cursarán FP básica no IES Eduardo Pondal de Ponteceso?

Considera o Goberno galego que a decisión de non conceder a liña de FP básica de Servizos Administrativos incrementará a carga de traballo do persoal docente, redundando na calidade do ensino?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 01/09/2023 13:37:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 01/09/2023 13:37:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os criterios para o outorgamento de autorizacións de estacionamento a vehículos oficiais no espazo reservado na rúa Ramón Cabanillas de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente unha boa parte das dependencias administrativas da Xunta de Galiza en Ourense se ubican no edificio situado na confluencia das rúas Avenida Habana e Ramón Cabanillas. Entre os moitos servizos contidos no referido edificio administrativo se sitúa a oficina de atención á cidadanía e rexistro o que provoca unha importante afluencia de persoas que se desprazan para realizar consultas, xestións ou presentar documentación.

As posibilidades de estacionamento na contorna do edificio administrativo son escasas toda vez que a rúa da Habana os ten limitados a “carga e descarga” e porque na rúa Ramón Cabanillas -treito entre a Habana e Celso Emilio Ferreiro- aproximadamente unha terceira parte do espazo de estacionamento esta restrinxindo a “vehículos oficiais”, estando a restantes reservadas a zona ORA.

Á demanda ordinaria de prazas de estacionamento, consecuencia da situación do edificio administrativo e dos servizos e centros escolares e académicos próximos, viuse incrementada nos últimos meses polas intervencións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realizadas polo Concello de Ourense nas rúas do centro da cidade que provocaron a eliminación, cando menos temporal, de prazas de estacionamento.

A realidade é que as prazas reservadas a “vehículos oficiais” están diariamente ocupadas non por turismo da Administración Autonómica senón por vehículos particulares de persoal de confianza ou libre designación. Estase a privar á cidadanía de posibilidades de estacionamento nunha zona de alta demanda e escasas oferta en beneficio de determinados particulares que non só dispoñen dun espazo reservado para o aparcamento do seus vehículos particulares, senón que tamén evitan pagar a taxa por estacionar en zona ORA.

Considerando que a eventual concesión destes privilexios e beneficios a determinados particulares sobre o estacionamento, en prexuízo da cidadanía de Ourense en xeral que ve restrinxidas as súas posibilidades de estacionamento - mesmo tendo que pagar por facelo – nun espazo necesario para a realización de trámites de administrativos, solicitar asesoramento ou achegar documentación ás administracións públicas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera a Xunta de Galiza que pode ter a consideración de vehículo oficial un turismo de titularidade e uso particular?

Cantas autorizacións ten expedido a Xunta de Galiza para o estacionamento de vehículos particulares en espazos reservados a vehículos oficiais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En concreto, cales foron expedidas polas Xefaturas territoriais de Ourense?

Entende a Xunta de Galiza a reserva de espazos de estacionamento, mesmo de balde, a favor de persoal asesor e de confianza supón unha discriminación respecto das demais traballadoras destinadas no mesmo edificio administrativo, así como e da cidadanía en xeral?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2023 13:45:11

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/09/2023 13:45:33

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2023 13:45:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Observatorio Galego da Acción Climática alertou recentemente dun aumento das emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia e urxiu medidas, en paralelo a un comunicado na mesma liña da organización ecoloxista Arco Iris. Segundo o Observatorio, os datos oficiais extraídos do inventario de emisións do Ministerio para la Transición Ecolóxica, amosan que as emisións en Galicia "volveron aumentar en 2021, despois de 3 anos consecutivos de descenso". "As emisións de gases causantes do cambio climático ascenderon a 19.096.905 toneladas en 2021, o que supón un crecemento do 3,3 % con respecto a 2020". Segundo eses datos, o maior crecemento tivo lugar no transporte co 19,9 %, ao que se suman as emisións da industria (7,3 %) e as conxuntas de fogares, comercios, institucións e sector primario (5,6 %) fronte ao descenso das emisións do sector enerxético (16 %), "por carto ano consecutivo".

Estes datos amosan que o descenso relativo dos últimos anos foi exclusivamente froito do peche das centrais térmicas de As Pontes e Meirama e da caída histórica do PIB e da actividade económica pola pandemia, e que descontados eses efectos non hai folla de ruta algunha para reducir as emisións en Galicia, que ten que acadar co conxunto do estado un 55 % de redución en 2030 con respecto ás emisións de 2039 de acordo cos obxectivos da UE.



Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como vai o Goberno de Galicia a cumprir co obxectivo de redución dun 55 % das emisións de gases de efecto invernadoiro no ano 2030 se nos últimos 14 anos non houbo ningún tipo de política que as reducise se excluimos o peche das centrais térmicas galegas que foi unha decisión empresarial allea á vontade do Goberno galego?
2. Por que a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e o Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023 aprobada a finais de 2019 carecen tanto de previsións e obxectivos medibles e avaliáveis como de medidas que permitan avanzar significativamente na redución de emisións?
3. Por que a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 contempla unha xenérica previsión de redución de emisións para o 2030 do 24 % cando o obxectivo da UE –asumido pola Conselleira- é do 55 % de redución para ese ano?
4. Por que o Goberno de Galicia se atribúe un suposto éxito na loita contra o cambio climático se as causas da relativa redución de emisións dos últimos anos foron claramente contrarias á súa vontade na medida en que o propio Goberno de Galicia se manifestou reiteradamente en contra do peche das térmicas de Meirama e As Pontes e obviamente era contrario a calquera redución da actividade económica como a asociada á pandemia?

Santiago de Compostela, 4 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 04/09/2023 11:10:40

Patricia Otero Rodríguez na data 04/09/2023 11:10:50





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2023 11:39:54
Nº Rexistro: 58884
Data envío: 04/09/2023 11:39:54.485

Eduardo Ojea Arias na data 04/09/2023 11:11:00

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
213857

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Informe económico-financeiro das entidades instrumentais 2021 elaborado polo Consello de Contas e publicado en xullo de 2023 recolle algunhas consideracións e conclusións que poñen de manifesto o descontrol das entidades descentralizadas ou instrumentais da administración galega, tecnicamente sector público autonómico (frecuentemente denominado administración paralela) que segundo o propio informe manexa o 15,5 % do orzamento da comunidade autónoma.

Entre outras cousas ese informe público pon de manifesto que a débeda ascendeu a 630,9 millóns de euros, cando o exercicio anterior era de 560 millóns, o cal implica un aumento do 13% nun ano. Tamén que os salarios medios do conxunto das entidades instrumentais son substancialmente máis elevados que os do resto da Administración autonómica.

Galicia, con 114 deses organismos instrumentais, é a sexta comunidade en número de entidades instrumentais tras Cataluña (362), Andalucía (219), Euskadi (152), Madrid (135) e Valencia (128), pero resulta ser a segunda en cifras relativas, cunha entidade por cada 26.000 habitantes.

Se ben o número de entidades reduciuse desde 2009, incrementouse o volume de fondos públicos que manexan, principalmente pola "xeneralización do modelo de axencia". As axencias públicas están concibidas na lexislación para promover



a xestión pública en base ao cumprimento de obxectivos, pero o informe critica que a diferenza do ocorrido na Administración xeral do Estado e noutras comunidades autónomas, a Xunta de Galicia optou durante os últimos 13 anos por xestionar con elas de xeito descentralizado importantes áreas de gasto que viñan xestionándose centralizadamente, o cal implica aumentar o descontrol sobre importantes recursos públicos. A anomalía galega no tocante ás axencias é tal que Galicia non soamente é a comunidade que máis axencias ten (12), senón a única xunto a Andalucía (3) e Cantabria (1) que as emprega.

As axencias xestionaron na última década a promoción económica, a enerxía, o desenvolvemento rural, o control do medio mariño, as emerxencias, a industria cultural, as infraestruturas, a modernización tecnolóxica, a innovación, o turismo, os tributos autonómicos, os servizos sociais, a industria forestal, a doazón de órganos, xestión do coñecemento na saúde e calidade alimentaria.

As normas de persoal, patrimonio e contratación das axencias son moito menos rixidas que as da administración convencional, manexando 860 millóns de fondos públicos autonómicos. Tamén teñen controis moito máis laxos que a administración ordinaria, e soamente 6 delas contan con contrato de xestión a pesar de que deberían telo desde hai anos.

Finalmente, as entidades de capital risco e de inversión colectiva integradas no sector público autonómico teñen unhas perdas acumuladas do 48 % dos seus fondos, un auténtico récord no ámbito comparado, que se suman os 51 millóns de préstamos a empresas non devoltos ao Igape.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente o Goberno de Galicia de que tal e como indica o Consello de Contas no seu último informe sobre as entidades instrumentais, o volume de recursos que xestionan estas entidades é de aproximadamente o 15 % do orzamento galego, unha porcentaxe que aumentou desde o ano 2009?
2. É consciente o Goberno de Galicia de que dos 1788 millóns que xestiona a administración paralela, 860 millóns son xestionados por axencias e que das 16 axencias que hai nas comunidades autónomas de España 12 están en Galicia?
3. Cal é o motivo do abuso en Galicia dunha figura como a das axencias caracterizada por controis moito máis laxos que a administración ordinaria e concibida para xestionar por obxectivos e cando segundo as conclusións do informe do Consello de Contas “non se realizaron nas entidades instrumentais controis de eficacia ou auditorías operativas que traten de verificar o cumprimento de obxectivos, a boa aplicación dos fondos recibidos e a subsistencia das circunstancias que xustificaron a creación do organismo”?
4. Cal é o motivo de que a débeda do sector público autonómico ou administración paralela de Galicia aumentase no exercicio 2021 de 560 millóns a 630,9?
5. Por que o Goberno de Galicia non realiza na administración paralela controis de eficacia ou auditorías operativas para verificar o cumprimento de obxectivos, a boa aplicación dos fondos recibidos e a subsistencia das circunstancias que xustificaron a creación de cada entidade segundo recomenda o Consello de Contas, ademais do sentido común e a prudencia na xestión pública?



6. Por que o Goberno de Galicia non elaborou tras 13 anos o rexistro de entidades dependentes contemplado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 04/09/2023 11:29:03

Paloma Castro Rey na data 04/09/2023 11:29:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/09/2023 11:29:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á problemática provocada pola falta de lugares de amarre de embarcacións no porto de Rianxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende hai anos e ata o pasado mes de agosto, barcos da 3ª e 7ª lista de rexistro de embarcacións (buques de pesca e embarcacións deportivas de recreo, respectivamente) permanecían amarradas na contorna do porto de Rianxo.

Agora, axentes da Garda Civil requiriron verbalmente aos seus propietarios para que retirasen, aparentemente por razóns de seguridade, as súas embarcacións do lugar no que amarraban dende hai tempo, unha sorte de escollera na contorna do porto de Rianxo.

Os afectados non tiveron en ningún momento notificación escrita de ningunha administración e, en contactos mantidos pola Confraría con Portos de Galiza, este asegurou non ser coñecedor da actuación da Garda Civil.

O problema que se xerou aos afectados vai moito máis alá de ser puntual, xa que no porto de Rianxo non existen lugares de amarre para acoller as súas embarcacións. Por un lado, no caso dos da 3ª lista, estamos diante dun serio problema que mesmo lle impide desenvolver con normalidade a súa actividade profesional. E, por outro, no caso dos da 7ª lista, en moitos casos persoas xubiladas e con poucos recursos, que se verán suxeitas ao pago de taxas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É coñecedor Portos de Galiza das actuacións levadas a cabo para expulsar as embarcacións da 3ª e 7ª do porto de Rianxo? Se é así, por orde de quen se efectuaron e por que razóns?

. Púxose dende aquela en contacto cos afectados ou coa Confraría de Rianxo? Que actuacións levou a cabo para tentar solucionar este problema?

. Ten posibilidades de ofrecer alternativas viábeis a curto prazo para acoller as embarcacións expulsadas? De ser así, que cantidade deberían abonar os propietarios das embarcacións da 7ª lista? De non ser así, que actuacións ten previsto levar a cabo para lle proporcionar lugares de amarre?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 04/09/2023 17:16:39

Daniel Castro García na data 04/09/2023 17:16:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 04/09/2023 17:17:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O 1 de febreiro de 2023, Augas de Galicia resolveu outorgar autorización de vertidos no procedemento DH.V15.54967 a Tungsten San Finx S.L., nun expediente iniciado en 2015 e plagado de irregularidades. Esta extemporánea autorización permitiría o vertido –previo tratamento- de mais de 600.000 m³/ano de augas residuais industriais acumuladas nas galerías da mina de San Finx (Lousame), que conteñen altísimas concentracións de cadmio, cobre e cinc, que serían bombeadas ao río San Fins, tributario do río Traba, co consecuente impacto potencial sobre a ría de Muros e Noia, os seus bancos de marisqueo e espazos en Rede Natura 2000. O tratamento que se lle esixe á empresa foi ineficaz para tratar as concentracións destes 3 metais pesados durante a proba piloto realizada pola empresa.

A Plataforma contra os Vertidos da Mina de San Finx ven de facer público que a análise das mostras tomadas por Augas de Galicia augas abaixo e augas arriba da explotación indica niveis de cadmio 78 veces superiores aos permitidos pola lexislación, 48 veces superiores no caso do cobre e 8 veces para o zinc. Estas elevadas concentracións estaban ausentes augas arriba da mina.



Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas vai adoptar o Goberno de Galicia ante a elevada concentración de metais pesados augas abaixo da mina de San Finx?
2. Vai impoñer algún tipo de sanción por eses vertidos?
3. En caso afirmativo, que tipo de sanción e por que importe
4. Cal é a causa da elevada concentración de metais pesados augas abaixo da Mina de San Finx?
5. Que actividades ten levado a cabo a empresa propietaria da Mina de San Finx en relación coa autorización de vertido aprobada pola Xunta?
6. Cantos e que tipo de controis levou a cabo no seu caso a Xunta en relación con esas actividades?
7. Cantas análises realizou augas de Galicia na mina ou nos cursos de auga nos que desembocan as augas da mina desde que concedeu a autorización de vertidos en febreiro de 2023?
8. Cal é o resultado desas análises?
9. Considera a Xunta que a fianza ambiental de 178.000 euros, dada a ausencia de garantía de responsabilidade ambiental adicional, é axeitada e suficiente para dar cobertura as responsabilidades de todo tipo “*que poida causar o vertido en cultivos, animais, fauna piscícola, persoas ou bens*”, ás que se fai referencia na nota de prensa emitida pola Xunta o 1 de febreiro?

Santiago de Compostela, 4 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 04/09/2023 13:46:26

Patricia Otero Rodríguez na data 04/09/2023 13:46:36

Eduardo Ojea Arias na data 04/09/2023 13:46:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións do goberno galego diante da detección de alarmantes niveis de metais pesados nas augas procedentes da mina de San Finx.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As advertencias e denuncias da situación das instalacións mineiras de San Finx e do perigo medioambiental, económico e social que representan para a súa contorna e para toda a ría de Muros e Noia, cóntanse por dúcias nos últimos anos. Tamén as iniciativas parlamentares e de solicitude de medidas ao Goberno galego para cumprir e facer cumprir a lei, para actuar diante das constantes irregularidades que veñen producíndose.

Nin unhas nin as outras tiveron ata o de agora efecto algún diante da Administración galega e neste momento, máis alá das vías social e política, existen xa demandas xudiciais ao respecto, apertura de dilixencias penais contra ex altos cargos da Xunta de Galiza e contra a empresa mineira e os seus administradores, actuacións da Fiscalía contra actuais altos funcionarios ... En definitiva, unha interminábel maraña xudicial que se podería ter evitado se o Goberno galego tivese actuado dende o principio con contundencia na defensa escrupulosa da lei e dos intereses dos seus administrados.

Mais, lonxe de ser así, en febreiro deste ano -cunha rotunda oposición social e política- autorizou verter en dúas fases catro millóns de metros cúbicos de augas residuais da explotación mineira de San Finx ao río Pesqueira. Unha autorización que, ademais de supoñer a apertura de dilixencias pola Fiscalía contra altos cargos de Augas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Galiza, a comezar pola súa propia directora, a Xunta consentiu mesmo o seu incumprimento, que fixaba para o 1 de xullo o prazo de execución das obras dos sistemas de tratamento de augas residuais, e finalmente acabou prorrogando o prazo incumplido.

Nesta sucesión de desatinos, neste mes de agosto coñecemos os resultados das análises levadas a cabo por Augas de Galiza augas abaixo das balsas da mina de San Finx, que amosan niveis de metais pesados que superan amplamente os máximos permitidos legalmente: Cadmio, en 78 veces, cobre, en 48, e cinc, en 8, en puntos non autorizados do rego Rabaceiras. Unha contaminación que agora admite a Xunta mais que vén advertíndose dende hai anos, nomeadamente dende o 2015 levan os distintos colectivos sociais e o propio BNG alertando das consecuencias da situación da explotación mineira, e especialmente das balsas, problema gravísimo no que as sucesivas empresas concesionarias da mina negaron a súa responsabilidade e sobre o que o Goberno galego leva tapando os ollos durante oito anos.

Os niveis de contaminación detectados en agosto son recorrentes, neste caso denunciados pola Plataforma de Afectados pola mina de San Finx, pero que outros colectivos sociais deran a coñecer noutras ocasións e que agora se recoñecen expresamente pola Administración galega, a mesma que nunca antes actuou ao respecto e a mesma que procedeu a outorgar un expediente de autorización de vertidos a unha empresa que non é fiábel nin solvente.

Dende hai anos as sucesivas empresas concesionarias da explotación mineira trataron sempre de esquivar a súa responsabilidade de recuperación ambiental da contorna da mina, a súa responsabilidade sobre o importante problema que supoñen as balsas de residuos contaminantes, e sobre a súa obriga de realizar un estudo de impacto ambiental para ser avaliado por unha Administración da que partiu a iniciativa de non reclamárllelo nos últimos 14 anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é lóxico que, con esta serie de incumprimentos e cunha proba piloto máis que cuestionábel realizada pola empresa, a Xunta de Galiza lle vaia permitir verter sobre o medio miles e miles de litros de auga con metais pesados e non teña os considere motivos máis que suficientes para paralizar a súa actividade e obrigala a restaurar o medio.

Non é lóxico que non se lle impoña ningún tipo de aval diante da relevancia dos vertidos que o Goberno galego quere permitir a esta empresa da que se coñece que conta cun capital social de 3.600 euros e que, de aconteceren danos aínda máis severos sobre o medio, resultaría totalmente imposíbel que lle fixese fronte.

E sobre todo non é lóxico que a unha empresa se lle permitan acometer accións concretas sobre unha explotación mineira, como pode ser a autorización de desaugar unha galería ategada de metais pesados, antes de que se lle obligue a asumir a súa responsabilidade sobre problemas de extrema importancia derivados da súa propia concesión e que supoñen un perigo extraordinario como é o caso da situación das balsas de residuos mineiros da mina de San Finx.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego do incumprimento sistemático da lexislación nos últimos 14 anos no caso da actividade mineira en San Finx, no concello de Lousame?

. Que valoración fai dos alarmantes niveis de metais pesados que veñen de constatar as análises de Augas de Galiza no rego Rabaceiras?

. Cais foron as razóns polas que a empresa concesionaria incumpriu o prazo de execución das obras dos sistemas de tratamento de augas residuais fixado na autorización de vertidos do pasado mes de febreiro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai poñer en marcha todos os mecanismos legais e técnicos para impedir que continúen os episodios de contaminación por verteduras de augas residuais de San Finx?

. Vai obrigir á empresa concesionaria mineira a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación de danos medioambientais que se establecen na Lei 26/2007, de Responsabilidade Medioambiental?

. Está disposta a Xunta de Galiza, no caso de omisión, retraso, resistencia ou obstrución por parte da empresa a iniciar subsidiariamente a execución desas medidas con cargo ao patrimonio dos responsábeis subsidiarios?

. Por que motivo continúa a Xunta de Galiza sen cumprir e facer cumprir a lei no caso da mina de San Finx nos últimos 14 anos?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2023 11:24:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 05/09/2023 11:25:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, marcou un antes e un despois no sistema de benestar do noso país. Dita norma marca seis meses como máximo para a propia resolución de grao e de PIA (Programa Individual de Atención) e no caso de Galicia estamos a vivir listas de agarda que dobran o que a lei permite, a pesar de que a Consellería de Política Social leva practicamente tres anos anunciando un plan de choque para reducir os tempos e melloralo sistema, comezando por un proxecto piloto na provincia de Ourense que consistiu basicamente en mover o persoal de valoración de dependencia da cidade ás comarcas, pero que loxicamente sen un incremento significativo de persoal, os expedientes na maioría seguiron estancados.

Galicia é coñecida nos últimos anos por ser das comunidades autónomas que menos inviste por habitante potencialmente dependente de toda España. Así o dilucidou o XXII Observatorio da Dependencia elaborado pola Asociación Estatal de Directoras e Xerentes en Servicios Sociais que pon de manifesto que Galicia é unha das comunidades autónomas que peor posición ocupa de toda España na escala de valoración de dito Observatorio Estatal para a Dependencia. Dende o Grupo Parlamentario Socialista propuxemos como parte da solución, en numerosas ocasións, a necesidade dun incremento significativo de persoal nos equipos de valoración de dependencia EVD.



Dende o Grupo Socialista consideramos urxente coñecer, cal foi a inversión para lograr reducir as listas de espera, o número de técnicos dos equipos de valoración que se incrementaron e o tipo de contrato.

Hai que ter en conta que Galicia é beneficiaria de importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España.

Por outra banda, é fundamental elaborar un estudo que permita coñecer os motivos ou variables que motivan que Galicia sexa a Comunidade Autónoma na que menos solicitudes se inician por habitantes potencialmente dependentes. En concreto tan só o 16,13 %, 78.315 solicitudes de 485.558 galegos e galegas potencialmente dependentes. A media nacional de solicitudes é de 29,98 %, moi superior á galega, que queda en último lugar en comparativa co resto de comunidades autónomas. Polo que é preciso coñecer as causas para elaborar propostas adaptadas que dean solución a un problema que afecta directamente ao benestar dunha parte da cidadanía que renuncia aos seus dereitos. Unha das solucións pasa por reforzar os recursos humanos dos equipos de servizos sociais comunitarios.

En paralelo ás necesidades xa citadas que ten o sistema galego dependencia, cabe engadir a necesidade do incremento das libranzas e das horas asignadas a cada caso para o SAF, xa que o Goberno de España aprobou o Real decreto 675/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, onde se incrementan as libranzas vinculadas e horas do SAF mensuais para cada grao, establecendo que as administracións públicas competentes poderán establecer intensidades superiores para cada grao.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Incrementouse o persoal en dependencia? De ser así, cantos profesionais adicionais?
2. En que investiron ou investirán os recursos do “Plan de Choque de la Dependencia” do Goberno de España?
3. Que medidas ou recursos van a investir para mellorar a calidade dos servizos e libranzas da carteira de servizos establecida na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia?
4. Cales son as listas de espera actuais por cada provincia e por cada servizo ou libranza, incluíndo as solicitudes sen gravar no sistema?
5. Existen datos ou estudos que vislumbren os motivos polos cales Galicia é a Comunidade Autónoma na que menos solicitantes das axudas á dependencia hai? Que medidas ou solucións ten a Consellería de Política Social para solucionar esta cuestión?

Santiago de Compostela, 5 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 05/09/2023 12:50:44

Julio Torrado Quintela na data 05/09/2023 12:50:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas necesarias para reforzar o servizo de emerxencias na Comarca do Morrazo.

O servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo, presenta serias eivas que deben ser subsanadas o antes posíbel.

Trátase dun servizo esencial, un servizo que salva vidas, e que atende a unha poboación importante en número repartida en varias localidades. Coa chegada do verán, prodúcese un crecemento notábel de persoas na comarca, polo que o servizo de emerxencias debe ter capacidade de atender correctamente unha demanda superior á habitual.

As traballadoras do 061 do Morrazo levan anos pedindo que se amplíe a flota de ambulancias na comarca para ser quen de atender dun xeito eficaz as emerxencias e axudar a salvar máis vidas. É por iso que levan anos pedindo unha nova ambulancia para a comarca.

Ante a negativa desta ampliación, as traballadoras denuncian que o 061 manipula os datos ocultando as cifras anteriores a 2019, entendendo que non é posíbel comparar o aumento na demanda asistencial do ano 2019 co do 2020, xa que neste último ano, por mor da pandemia, reduciuse drasticamente o turismo e onde debido ás diferentes restricións baixou a actividade relacionada coa industria e os accidentes de tráfico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un número axeitado de ambulancias, así como uns recursos suficientes nas mesmas, axudará a salvar vidas e a poder atender de xeito rápido e eficaz as diferentes emerxencias que se poidan dar na comarca do Morrazo.

É incomprensíbel que non se tivese reforzado a flota de ambulancias nunha situación tan crítica como é unha crise sanitaria nun servizo vital á hora de combater a pandemia xerada pola COVID-19.

Máis cando este reforzo xa era totalmente necesario na comarca, xa que con 2 ambulancias debe dar servizo a milleiros de persoas. Isto sen contar o crecemento poboacional, en épocas estivais, derivadas do turismo, mentres que noutros lugares do país si se dan estes reforzos polas mesmas causas.

Con COVID ou sen ela, a comarca do Morrazo precisa de aumentar a súa flota de ambulancias debidamente equipadas, para dar unha asistencia áxil e axeitada.

Desgrazadamente, asistimos unha vez máis a unha nova mostra da necesidade existente de dotar á Comarca do Morrazo dunha ambulancia de reforzo, despois de que varias persoas tivesen falecido en circunstancias onde as únicas ambulancias da comarca estaban ocupadas e os profesionais médicos precisaron doutros servizos para poder achegarse a atender a emerxencia, sendo o seu tempo de resposta superior ao que tería sido de contar cunha ambulancia de reforzo.

Ante a preocupación da veciñanza polo que está a ocorrer co servizo de emerxencias, é necesario que se fagan as investigacións e que se depuren as responsabilidades oportunas ante o que está a acontecer co servizo de emerxencias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que, ante a falta notábel de medios, non se reforza o servizo de emerxencias do 061 na comarca do Morrazo?
2. Ante o aumento poboacional derivado do turismo e as necesidades actuais, dotarase dunha nova ambulancia ao servizo do 061 do Morrazo?
3. Por que se nega, a Xunta de Galiza, a facilitar os datos solicitados polas representantes das traballadoras no 061 da comarca e polos Concellos?
4. Cando se van facilitar os datos ao respecto da actividade asistencial do 061 na Comarca do Morrazo durante os anos 2020, 2021e 2022?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 05/09/2023 13:01:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2023 13:02:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións que debe impulsar o goberno galego para desbloquear o transporte metropolitano na comarca de Ourense e mellorar a mobilidade dos seus concellos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai máis de 15 anos a cidade de Ourense e os concellos que a rodean teñen pendente a concreción na realidade do impulso ao transporte comarcal para conectar por estrada as diferentes poboacións coa cidade e cos servizos máis salientábeis, como son a estación ferroviaria, o campus ou o hospital. Así mesmo, queda pendente aínda unha conexión adecuada cos polígonos, singularmente do Pereiro e de San Cibrao.

Neste sentido, ano tras ano a dilación da Xunta de Galiza, á que se foi sumando a inoperatividade do Concello de Ourense, lastran a toma de decisións para que Ourense e os concellos de arredor poidan unhas liñas, horarios e servizos adecuados ás necesidades do século XXI.

Cómpre recordar, así mesmo, que a comezos de 2015, a Xunta de Galiza remitía aos concellos da área de Ourense o convenio acordado do Plan de transporte metropolitano para que axilizaran a súa tramitación e o aprobasen. Por aquel entón, a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta de Galiza anunciaba un investimento de máis de 300.000 euros cada ano, dos que o 82% serán achegados polo goberno galego. Anunciaba, así mesmo, “importantes bonificacións, que permitirán que os veciños da área que empregan o autobús habitualmente teñan aforros medios de 600 euros ao ano” e puña exemplos como que “un veciño de Ourense que se desprace ao polígono de San Cibrao das Viñas para traballar cada día no bus urbano e interurbano, pasará de pagar preto de dous euros e medio a só 0,72 euros do interurbano e o urbano é bonificado pola Xunta, supoñendo un aforro anual de 840 euros.” Falaba tamén de “beneficios sociais, medioambientais e económicos” e de “optimización das rutas e da penetración dos autobuses interurbanos, eliminando a necesidade de transbordos; o incremento da oferta e dos horarios”.

A realidade é que máis de 8 anos despois destas declaracións Ourense non ten transporte metropolitano nin similar e as leves mudanzas que se foron poñendo en marcha obedeceron a negociacións puntuais por parte dos concellos, manténdose un marco absolutamente obsoleto que non contribúe á mobilidade nin está acorde coas necesidades do século XXI, que cada vez son maiores.

Hoxe a sociedade galega, e a ourensá con especial incidencia, viven con intensidade tres factores que deberían facer do transporte por estrada e da súa mellora e modernización unha prioridade. Dunha banda, estamos nun contexto de crise climática que debe levar a acelerar as medidas conducentes a reducir o uso do coche privado. Doutra banda, a crise de prezos volve castigar con intensidade os petos das persoas usuarias do coche privado. Por exemplo, no verán de 2023 vemos como o prezo do gasóleo incrementou nun 10% e na gasolina un 6%, volvendo subir cunha intensidade que non se vía desde o estalido da guerra de Ucraína. Así mesmo, cómpre ter en conta que Ourense e os seus arredores teñen das poboacións máis avellentadas do país, o que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impide mesmo fisicamente que moita xente poida empregar un vehículo, ao que se suman as características do territorio e da dispersión poboacional.

Non é asumible que neste momento non haxa unha adecuada conexión cun campus no que estudan case 4.000 persoas, cuns polígonos nos que traballan arredor de 14.000, cun hospital que é referencial para varias comarcas ou cunha estación “intermodal” que une Ourense por tren e estrada con outras cidades e localizacións.

Urxe, polo tanto, tomar medidas ao respecto e sacar Ourense doutro episodio de bloqueo político que prexudica ao conxunto da sociedade en termos sociais, económicos e tamén medioambientais.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para desbloquear a parálise do transporte metropolitano en Ourense e que a comarca poida ter unha adecuada mobilidade entre a cidade e os concellos que a rodean?

Cales son as razóns desta parálise?

Cantas reunións houbo entre a Xunta e o concello de Ourense sobre este tema desde que en outubro de 2022 Rueda e Jácome acordaran desbloquear este asunto?

E desde que Jácome foi elixido por primeira vez alcalde co apoio de Feijoo como presidente da Xunta?

Considera a Xunta de Galiza que hai unha adecuada mobilidade nesta comarca?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que o campus, o hospital e a estación de tren e buses teñen unha adecuada conexión?

E os polígonos? Considera que teñen un servizo suficiente para evitar o uso do coche privado?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2023 13:51:26

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/09/2023 13:51:31

Paulo Ríos Santomé na data 05/09/2023 13:51:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Exposición de motivos

En outubro de 2022 o entón xa Presidente da Xunta, Alfonso Rueda e o alcalde da cidade de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, mantiveron un encontro na sede da Xunta na cidade. Na información pública de dito encontro transcenderon unha serie de compromisos dos que os máis importantes levaban tempo en axenda e continúa incumpridos.

Hoxe Ourense non avanzou nas grandes infraestruturas, ten o termalismo bloqueado, segue sen ecobarrio da Ponte, non ten un só centro de saúde novo nos últimos anos malia as promesas respecto do Vinteún ou Mariñamansa, non ten máis prazas públicas directas para a atención residencial de maiores na cidade nin ten unha nova escola infantil desde hai máis de 14 anos. Outros aspectos nos que o abandono da Xunta a Ourense é máis evidente é o referido ao transporte público por estrada e ao chamado transporte metropolitano, que segue sen existir mentres Ourense ten que conformarse cunha chapuza “intermodal”, remendos varios e remodelacións con moitas carencias como a da Avenida Otero Pedrayo ou a de Marcelo Macías.

Á vista está que a presunta “discriminación positiva” do goberno galego cara Ourense que repite recorrentemente en cada exercicio orzamentario só obedece a unha trampa estatística, unha ilusión pola cal o investimento “per cápita” é maior simplemente porque hai menos “cápitas” por mor da crise demográfica, económica e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

social que vive con maior intensidade esa parte do territorio. Á vista está tamén que o que ía ser un “alcalde letal” segundo Feijoo non foi compensado cun maior apoio do goberno galego.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a valoración do goberno galego respecto dos seus incumprimentos con Ourense, especialmente en materia de investimentos e orzamentaria?

Cales son as razóns dos atrasos de investimentos importantes para a cidade como un centro de atención á discapacidade ou a negación de novos investimentos en materia de atención primaria?

Considera o goberno galego que se combate a crise demográfica de Ourense sen planificar e construír unha soa nova escola infantil na cidade en máis de 14 anos?

Por que cuestións como o termalismo ou o plan de transporte metropolitano están bloqueadas?

Que indicadores obxectivos manexa para asegurar que o investimento orzamentario en Ourense está ben dirixido e é suficiente?

Cal é a valoración da relación institucional co concello de Ourense?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2023 14:08:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/09/2023 14:08:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os presidentes da Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo e o Sr. Rueda, teñen anunciado dende o ano 2016 unha serie de rebaixas fiscais que se teñen incrementado cada ano, sumándose así á política fiscal adoitada por outras comunidades gobernadas polo Partido Popular que se gaban de eliminar todos os impostos xestionados pola autonomía, o que despraza a maior parte da carga tributaria na participación dos ingresos estatais (IVE e IRPF) e renunciando a aplicar políticas máis progresivas nas que paguen máis aqueles que máis gañan, ben a través do incremento dos tramos máis altos do IRPF ou o incremento na porcentaxe do Imposto de Patrimonio ou de Sucesións.

Estes feitos revelan, unha vez máis, a política fiscal regresiva da Xunta de Galicia, que favorece aos que máis teñen, aínda que isto supoña unha perda de ingresos nas arcas autonómicas para poder facer unha redistribución da riqueza, mellorar os servizos públicos e axudar aos fogares que máis o precisan, fundamentalmente nuns momentos de crecemento dos prezos, sendo Galicia unha das comunidades que experimenta incrementos do IPC máis elevados que a media do Estado.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre esta política fiscal aplicada dende 2016?
2. Con vistas á elaboración dos orzamentos para 2024, o Goberno galego vai seguir nesta senda de política fiscal regresiva?
3. Sobre que estudos ou informes se baseou o goberno galego para aplicar estas rebaixas fiscais?
4. Ten realizado o Goberno galego algún estudo sobre o impacto económico e social dos incentivos aplicados en Galicia dende o ano 2009? en caso negativo, cal é a súa xustificación?
5. O goberno galego vai establecer unha mesa de traballo na que estean presentes todos os representantes económicos e sociais, así como os grupos parlamentarios para acordar unha política fiscal que garanta unha redistribución da riqueza no noso país?
6. A que tipo de familias ten favorecido cada un dos beneficios fiscais aprobados?
7. Considera o Goberno galego que estes incentivos fiscais se traduciron realmente en beneficios para a cidadanía galega? exactamente cales? en que datos obxectivos fundamenta a súa resposta?
8. Cales son as razóns polas que as recomendacións manifestadas polo Consello de Contas nos Informes de fiscalización da Conta correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia para os distintos exercicios non fose aceptada polo Goberno galego?

Santiago de Compostela, 5 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

213887

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2023 17:38:02
Nº Rexistro: 59057
Data envío: 05/09/2023 17:38:02.157

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/09/2023 17:30:59

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/09/2023 17:31:09

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
213888

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A finais de agosto é publicada unha noticia nun medio de comunicación na que se recolle que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia volve a censurar as axudas ao emprego da Xunta de Galicia por mudar as bases dunha convocatoria xa en marcha cunha simple nota aclaratoria realizada pola Subdirectora Xeral de Emprego.

O propio Tribunal cualifica a actuación do Goberno galego, ante a resolución impugnada de denegación das axudas, de falta de transparencia, arbitrariedade e extremado rigor formalista.

Neste caso a Xunta de Galicia denegou axudas cando menos catro contratos a tempo parcial de traballadores e traballadoras mozas que instaban a converterse en indefinidos a tempo parcial e a Xunta de Galicia argumentou en base a citada nota aclaratoria que a axuda só se podía conceder no caso de que a contratación mudase a tempo completo. En contra do recollido nas bases publicadas no DOG de 26 de xullo de 2021.

Outros casos similares xa se teñen producido como por exemplo cando se denegou unhas axudas a mulleres para emprender non rural por non revisar as solicitudes ou denegou a unha autónoma unha subvención que xa tiña outra concedida sen darlle a opción de optar entre ás dúas.



E por ilo, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración realiza o Goberno galego ante o pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación as axudas ao emprego, publicadas no DOG de 26 de xullo de 2021, na que se cualifica a actuación da Xunta de Galicia de arbitraria, falta de transparencia e extremadamente formalista?
2. Pensa o Goberno galego que unha simple nota aclaratoria pode mudar e restrinxir o estipulado nas bases publicadas non Diario Oficial de Galicia?
3. Dende o ano 2020 ata a actualidade, cantas denegacións e que tipo de axudas ao emprego foron recorridas e falladas a favor do demandante?
4. Que medidas van a adoptar ante esta errática actuación?

Santiago de Compostela, 5 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/09/2023 17:35:08

Julio Torrado Quintela na data 05/09/2023 17:35:17

Marina Ortega Otero na data 05/09/2023 17:35:25



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O 20 de agosto a selección feminina española de Fútbol gañaba o Mundial, unha merecida vitoria que se viu empañada pola máis que reprobable actitude do presidente da Federación Española de Fútbol, Luis Rubiales, que non satisfeito co seu comportamento no palco de autoridades ao longo do partido agredía ao final sexualmente unha futbolista da selección, tal e como ela denunciaba publicamente días máis tarde.

O coñecido informativamente como ‘Caso Rubiales’ acaparaba naqueles días as portadas dos xornais e abría espazos informativos radiofónicos e televisivos xa non só no Estado senón tamén no ámbito internacional, ocupando boa parte das grellas na busca de reaccións a un comportamento que transcendeu o deportivo e se converteu nun novo ‘me too’ de increíbles repercusións.

Mais iso que foi evidente para os medios informativos de todo o mundo parece que non o foi tanto para os medios públicos galegos, que dedicaron a esta cuestión xa non só pouco espazo senón ás veces nin unha soa mención nas súas grellas dos informativos xerais. Nin ao Caso Rubiales nin moito menos ás declaracións do señor Louzán xustificando o comportamento do seu superior, a pesar de que movementos feministas e tamén organizacións políticas -entre elas o PSdeG- esixían a súa dimisión.

Diante dun novo caso de manipulación informativa, que pola contra debera ser para os nosos medios públicos unha magnífica oportunidade de sumarse ao



clamor social pola igualdade, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a radio e televisión públicas non dedicaron boa parte dos seus espazos informativos ao 'Caso Rubiales' habida conta da transcendencia social, tamén en Galicia, que estaba a ter?
2. Considera que un tratamento informativo axeitado deste caso por parte dos nosos medios públicos axudaría a afortalar os valores da igualdade na sociedade galega tal e como debera ser a súa misión?
3. Está satisfeito co tratamento informativo dado?
4. Que entenden as persoas responsables da radio e televisión públicas galegas por información de proximidade? Considera que o que opine o presidente da federación galega de fútbol sobre o comportamento do presidente da Federación Española de Fútbol o é? Cal foi a razón de non informar sobre estas declaracións?
5. Considera que a sociedade galega debe coñecer a repercusión que tivo o 'Caso Rubiales' no seu propio país?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

213892

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2023 13:52:11
Nº Rexistro: 59087
Data envío: 06/09/2023 13:52:11.799

Noa Susana Díaz Varela na data 06/09/2023 13:42:55

Noelia Otero Lago na data 06/09/2023 13:43:06

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
213893

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Co prezo dos combustibles elevado xunto o impulso a unha mobilidade máis sostible desde o goberno da Xunta veñen de anunciar como obxectivo da Consellería de Infraestruturas é alcanzar este ano os seis millóns de viaxes interurbanas gratis entre os menores de 21 anos, un o millón máis que no 2022. O impulso da Tarxeta Xente Nova para que chegue ao maior número de mozas e mozos é unha necesidade desde o punto de vista da sustentabilidade pero tamén desde o punto de vista de estar ao carón da mocidade nuns momentos de complicacións económicas. Neste sentido, non se entende a limitación ata os 21 anos dos beneficios da tarxeta Xente Nova nun escenario socioeconómico delicado para a mocidade galega.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o motivo para que a Xunta de Galicia non incorpore os beneficios da Tarxeta Xente Nova dentro das vantaxes do Carné Xove?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia ampliar este dereito a toda mocidade galega menor de 30 anos? En caso negativo, cal é motivo?
3. Cantas solicitudes teñen denegado dende a súa posta en funcionamento e cales foron os motivos que provocaron esa denegación dende o ano 2016?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2023 13:53:29
Nº Rexistro: 59093
Data envío: 06/09/2023 13:53:29.642

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 06/09/2023 13:49:45

Patricia Otero Rodríguez na data 06/09/2023 13:49:52

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2023 13:50:02

Marina Ortega Otero na data 06/09/2023 13:50:11

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
213895

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Tal e como se recolle na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE), a educación é un factor fundamental en calquera sociedade, posto que dela dependen o benestar individual e o colectivo. E establece que *“a educación é para calquera persoa o medio máis axeitado para desenvolver as súas capacidades, construír a súa personalidade, conformar a súa propia identidade e configurar a súa comprensión da realidade, integrando a dimensión cognoscitiva, a afectiva e a axiolóxica, e para a sociedade é o medio máis idóneo para transmitir e, ao mesmo tempo, renovar a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan, sacar as máximas posibilidades das súas fontes de riqueza, fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo de acadar a necesaria cohesión social”*.

E o artigo 71 da mesma lei manifesta expresamente que:

“1. As Administracións educativas disporán dos medios necesarios para que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na Lei

2. Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da



lingua de aprendizaxe, por encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en calquera caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado”.

Xa que logo, a educación pública, universal e gratuíta é o instrumento máis eficaz do que dispoñen os sistemas democráticos para garantir o principio de igualdade de oportunidades entre a cidadanía dun país, máis a isto hai que garantirlle a calidade se queremos acadar os obxectivos antes mencionados.

As competencias en educación foron transferidas á nosa Comunidade Autónoma no ano 1982, sendo a Xunta de Galicia, a través da Consellería con competencias en educación, quen ten a obriga de por a dispor da cidadanía en Galicia o sistema educativo.

O CEIP San Xoán de Filgueira é un centro sito en Ferrol que conta con aproximadamente uns 100 alumnos e alumnas, que atende aos barrios de San Pablo, San Xoán e O Inferniño que teñen moitas familias con necesidades diversas, un número importante de familias migrantes e unha alta porcentaxe de alumnado con necesidades especiais, circunstancias que inflúen na alta recepción de alumnado ao longo do curso, así neste curso escolar en sexto de educación primaria iniciaron 6 nenos e nenas matriculados e remataron 12. Este centro público, ao igual que moitos outros na xeografía galega, leva varios anos soportando recortes por parte da Consellería de Educación, como, entre outros, a supresión dunha unidade de infantil agrupando alumnado de 3 e 4 anos, e seguindo con esta política de recortes, este ano pretenden unificar as unidade de primeiro e segundo de primaria con 17 alumnos e que pode poñer en perigo o futuro do posto de xefatura de estudos.



A resposta dada pola propia consellería é que se acadan 18 alumnos e alumnas, manteñen as dúas unidades, unha cuestión que como xa explicamos antes é bastante probable, pero que unha vez unificadas as unidades é bastante improbable que volvan a dividilas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre este novo recorte no sistema educativo de Galicia?
2. O Goberno galego considera que se está a cumprir co mandato legal de garantir os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria?
3. O Goberno galego vai reconsiderar a súa comunicación e manter as dúas unidades de educación primaria existentes?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2023 16:34:57
Nº Rexistro: 59099
Data envío: 06/09/2023 16:34:57.330

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/09/2023 16:15:57

Noelia Otero Lago na data 06/09/2023 16:16:08

Noa Susana Díaz Varela na data 06/09/2023 16:16:16

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
213899

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a humanización e mellora da seguridade viaria e peonil na rúa da Granxa en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente varias decenas das rúas da cidade de Ourense son de titularidade da Xunta de Galiza polo que é a esta administración a quen corresponde o mantemento e coidado das mesmas. Porén en moitos casos as rúas de titularidade autonómica atópanse nun deficiente estado de conservación, constituíndo un perigo tanto para vehículos como para, os sempre máis vulnerábeis, peóns.

Entre as rúas de titularidade autonómica que presentan un peor estado de conservación e coidado esta a rúa da Granxa, na que nos últimos meses e anos se teñen producido un importante número de accidentes, atropelos incluídos, con feridos de consideración, mesmo con fatais consecuencias.

O deterioro do firme, con numerosas e importantes fochancas, a existencia dun pequena rotonda sen sinal previa de advertencia (a única existente está practicamente enriba da glorieta reducindo as capacidade de axustar a velocidade as circunstancias da vía), falla de reposición da sinalización horizontal, e a ausencia de regulación semafórica en treitos nos que se fai esencial como o situado nas inmediacións do inmovible núm.97 son algunhas das eivas que dende hai moitos anos afectan á rúa.

Xa que logo o actual estado do firme da rúa da Granxa, integración urbana da estrada OU-101, vía cunha importante densidade de transito consecuencia, p.e., de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

constituíren unha vía ordinaria de conexión da cidade cos polígonos industriais; constitúe un risco para a seguridade viaria, agravado polas nada infrecuentes imprudencias automobilísticas.

Asemade a deficiente sinalización e pavimentación compromete non só a seguridade dos vehículos, senón tamén a seguridade peonil. A irregularidade do pavimento, as fochancas existentes nos pasos de peóns provocan frecuentes caídas das usuarias da rúa.

A realidade do situación anteriormente exposta e das graves consecuencias provocadas, deu lugar a numerosas queixas veciñais recollidas tanto nos medios de comunicación, como directamente trasladadas á Xunta de Galiza, sen que deran lugar a execución por parte da Administración titular da vía de actuacións verdadeiramente destinadas a solucionar o problema de seguridade viaria e peonil existente, nin a humanización e acondicionamento da rúa da Granxa, limitándose a Xunta de Galiza a anunciar a redacción dun proxecto do que, a pesares do tempo transcorrido, aínda nada se sabe.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cantos accidentes de circulación lle consta á Xunta de Galiza se produciron nos últimos 10 anos na rúa da Granxa de Ourense?

Con que consecuencias?

Cal foi a data da última actuación de acondicionamento do firme e/ou pavimentación realizada na rúa da Granxa en Ourense?

Considera a Xunta de Galiza que a aplicación de pintura reflectante ou outros medios de visualización dos pasos de peóns reduce o risco de atropelos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valora a Xunta de Galiza a instalación de regulación semafórica na contorna do inmobile núm.97 da rúa da Granxa de Ourense?

Está a tramitar proxecto de humanización ou de mellora da seguridade viaria e peonil na rúa da Granxa?

Cando iniciou o proxecto e, no seu caso, cando esta prevista a execución?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/09/2023 16:39:12

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2023 16:39:16

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2023 16:39:29



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No Diario Oficial de Galicia do 16 de febreiro de 2023 a Axencia Turismo de Galicia publicou a Resolución *do 9 de febreiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2023*, co mesmo contido que en exercicios anteriores, co obxecto do fomento da recuperación, da accesibilidade e da sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística, destinándose un crédito orzamentario de 3 millóns de euros, podendo concederse ata o 100% da actuación, cun límite de 30.000 euros.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva cun prazo dende as 12:00 horas do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ata o día 31 de marzo de 2023.

No artigo 6 das bases da convocatoria se debulla a documentación complementaria que deben presentar os concellos solicitantes e no artigo 19 se establece que a xustificación da dita subvención terá de prazo ata o 15 de novembro de 2021, é dicir 58 días dende a apertura de solicitude da subvención.



No Diario Oficial de Galicia do 10 de maio de 2023 publicouse a Resolución *do 28 de abril de 2023 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 9 de febreiro de 2023.*

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados con esta subvención?
2. Cales son os motivos polos que se sega empregando dende 2021 o procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva?
3. A que hora entrou na plataforma electrónica cada unha das solicitudes de subvención?
4. Ten o Goberno galego elaborado algún plan sobre a oferta turística nas zonas rurais?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/09/2023 17:01:47

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/09/2023 17:02:07

Martín Seco García na data 06/09/2023 17:02:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as necesidades do CEIP San Xoán de Filgueira no concello de Ferrol.

Exposición de motivos

No CEIP San Xoán de Filgueira do Concello de Ferrol veñen de recibir a nova da eliminación dunha unidade de primaria por non chegar o número de matrículas a 18, xa que pecharon o prazo inicial de matrícula en 17.

A comunidade educativa do centro xa se ten manifestado en contra desta decisión que cualifican como último inviste contra o ensino público por parte da Xunta de Galiza.

Desde logo non pode entenderse de outro xeito semellante rixidez á hora de adoptar unha medida de inevitábeis efectos pedagóxicos e sociais negativos para esa comunidade escolar. Mais inexplicábel aínda semellante rixidez en canto esixencia de ratios mínimos cando o histórico do centro acredita que todos os anos o número de matrículas aumenta ao longo do curso.

Desde o BNG compartimos as demandas da comunidade educativa e demandamos que a realidade específica de cada centro, a realidade do contexto social e o papel que xoga o centro educativo no seu ámbito de influencia deben ser analizados tomados en consideración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E demandamos a corrección inmediata da política educativa que a Xunta de Galiza leva aplicando durante estes 14 anos de goberno do Partido Popular, de recortar recursos e servizos no ensino público para favorecer a competencia dos centros concertados.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Coñece a Xunta de Galiza as características sociais do ámbito de influencia do CEIP San Xoán de Filgueira do concello de Ferrol?
2. Considera a Xunta de Galiza que esta medida é positiva para o concello ou para o barrio?
3. Considera a Xunta de Galiza que este recorte no CEIP San Xoán de Filgueira pode provocar que a poboación que tiña este centro como referencia procure un mellor servizo en outros centros próximos?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/09/2023 18:07:02

Cristina Fernández Davila na data 06/09/2023 18:07:06



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Fomos coñecedores de que a firma SOLARFPROFIT, unha empresa especializada na instalación de placas de autoconsumo fotovoltaico en empresas e fogares, anunciara a presentación dun Expediente de Regulación de Emprego que vai a afectar ao 30% do seu persoal en toda España. Unha empresa formada por 919 persoas, das que 43 traballan no centro de traballo do concello de Arteixo. A empresa catalá deulle ao plantel dúas semanas de prazo para constituír unha comisión co obxectivo de que participen nas negociacións sobre o despedimento colectivo comunicado.

A empresa posúe doce centros de traballo en Barcelona (onde está a súa sede), Xirona, Tarragona, Vizcaia, Madrid, Toledo, Sevilla, Málaga, Valencia, Murcia, Mallorca e o de Arteixo. Non coñecemos cales serán os centros afectados e tampouco o número de traballadores implicados. Só fomos coñecedores de que pretenden despedir a uns 275 dos 919 empregados e que dende a empresa desexan que o ERE finalice o próximo mes de outubro.

SOLARPROFIT anunciou tamén unha redución dos custos coa redistribución das zonas correspondentes a cada unha das delegacións e a racionalización do número de centros loxísticos e oficinas. A empresa argumenta o despedimento colectivo por unha caída da demanda de instalacións de paneis solares nos fogares, así como pola forte competencia e o efecto da inflación no peto dos consumidores. Segundo as informacións da propia empresa, a súa previsión de facturación baixou de 110 a 78 millóns, un 71 % menos do previsto, e como dicíamos debido á menor demanda de placas para os fogares,



o atraso na execución dos proxectos industriais e a demora na obtención de permisos.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É coñecedor o Goberno galego da situación desta empresa con 43 traballadores na oficina de Arteixo?
2. Tomou algunha medida o Goberno galego para evitar que esta empresa despida a traballadores do centro de Galicia?
3. Que medidas de apoio teñen para estas empresas e cal é o período medio para a obtención dos permisos do Goberno galego?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 06/09/2023 18:09:11





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2023 18:10:48
Nº Rexistro: 59123
Data envío: 06/09/2023 18:10:48.649

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/09/2023 18:09:21

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

213910

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as escolas infantís.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A gratuidade das escolas infantís, presentada coma unha das medidas estrelas do goberno do Sr. Rueda, está a mostrar e poñer de manifesto multitude de eivas que persisten no segundo ano de aplicación da mesma.

Unha das cuestións máis importantes que se visibiliza é o grande déficit de prazas que existen nestas escolas, sobre todo na rede pública. É evidente que Galiza non conta cunha rede de escolas infantís públicas suficiente para garantir o acceso universal de todas as crianzas. De feito, a implantación da gratuidade da escola infantil (dos custes educativos asociados á mesma) supuxo un aumento moi notable da demanda de praza deixando moitas crianzas en listaxe de agarda nas públicas, mais tamén nas privadas.

As escolas infantís son ante todo un recurso educativo, mais tamén xogan un papel importante como servizo de conciliación, esencial para moitas familias. Galiza conta tan só con 11.217 prazas para crianzas de 0 a 3 anos de titularidade da Xunta de Galiza, computando as escolas infantís da Rede Galiña Azul, centros dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e as Casas Niño, que só contan con 5 prazas e están limitadas a concellos con menos de 5.000 habitantes. Tendo en conta a poboación desta franxa de idade, a oferta de prazas chega tan só ao 17,6% das crianzas.

O resto da oferta repártese entre escolas de titularidade privada e municipais, pois mantense o feito de que as administracións locais continúen a asumir unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competencia que lles é impropia como é a educación infantil. Desde o Bloque Nacionalista Galego temos posto o foco en múltiples ocasións nesta cuestión, en que o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza está a cargar ás contas municipais unha parte importante da súa política educativa. Sen ir máis lonxe, a gratuidade da matrícula de 0 a 3 anos supón que escolas infantís municipais se están a ver agraviadas a respecto das privadas pois os concellos galegos non ven compensada en igual medida a redución de ingresos máis ao contrario, esíxelles un maior esforzo económico. Neste senso, vén de pronunciarse tamén a FEGAMP, demandando unha maior achega orzamentaria por parte da Xunta de Galiza para o mantemento destas escolas infantís.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera o goberno galego que a rede de escolas infantís públicas é suficiente en relación á demanda existente?
- Cantas son as novas prazas creadas e a previsión de nova creación na presente lexislatura?
- Por que non impulsa a Xunta de Galiza a creación de novas escolas infantís alí onde exista maior demanda?
- Vai asumir o goberno galego a competencia das escolas infantís municipais que é impropia dos concellos?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2023 18:29:14

Iria Carreira Pazos na data 06/09/2023 18:29:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Diego Lourenzo Moura, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de dotar ao Concello de Verín dunha Escola Infantil pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Concello de Verín na provincia de Ourense é a segunda vila, despois da capitalidade, con maior número de habitantes da provincia, concretamente 13.625 (cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2023 publicadas no IGE e con base no Padrón municipal de habitantes do INE).

A pesar de ser a segunda vila en termos poboacionais, é o primeiro municipio (despois da cidade de Ourense) con maior número de nacementos no ano 2022 (Fonte: IGE).

Con todos estes datos, Verín non conta cunha escola infantil pública, sendo a única cabeceira de comarca ourensá que non dispón dunha instalación de carácter pública.

Existe na actualidade unha escola infantil privada de 0 a 3 anos que non chega a 50 prazas o que resulta totalmente insuficiente para dar cobertura á demanda existente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o ano 2009 levamos observando o anuncio do Goberno Galego do Partido Popular da posta en marcha dunha escola infantil pública que a día de hoxe nunca foi executada.

Entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais regulado no artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, están incluídos o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galiza, establece no seu artigo 49.1 que a Administración autonómica garantirá a calidade e o carácter inclusivo dos recursos de educación infantil 0-3, avanzará na súa universalización e gratuidade e promoverá a dotación suficiente de prazas e os recursos para facer efectivas as posibilidades de acceso, permanencia e promoción de toda a poboación infantil a esta etapa educativa, preferentemente en centros públicos.

Da lectura deste articulado despréndese a importancia de contar con escolas infantís públicas xestionadas polo Xunta de Galiza que atendan á infancia e permitan a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega, ao tempo que facilitan a inserción no mercado laboral.

A ausencia de suficientes prazas – privadas- e ningunha pública no Concello de Verín fai que as familias opten por levar as súas fillas/os a outros Concellos da contorna que contan con Galiña Azul ou casas niño o que supón un problema de xestión de tempos e conciliación laboral pola distancia destas instalacións con Verín.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera a Xunta de Galiza que o Concello de Verín debe contar cunha Escola Infantil Pública?
- Dende o ano 2009 levamos asistido ao anuncio por parte do Goberno Galego do PP da posta en marcha dunha Escola Infantil en Verín que nunca se executou, cal é a razón?
- Vai o Goberno Galego orzamentar e executar a construción dunha Escola Infantil Pública no Concello de Verín?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2023

Asdo.: **Diego Lourenzo Moura**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Diego Lourenzo Moura na data 06/09/2023 18:43:13

Iria Carreira Pazos na data 06/09/2023 18:43:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2023 18:43:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da atención sanitaria no concello da Pontenova.

O concello da Pontenova conta coa presenza de un médico e unha médica, máis dúas enfermeiras que se ocupan de atender a unha poboación duns 2100 habitantes aproximadamente. Porén, a situación cambia nos meses de verán, meses nos que os e as sanitarias gozan das súas vacacións, que adoitan ser de 15 días respectivamente.

Deste xeito, a realidade é que A Pontenova pasa a contar unicamente cun médico que se debe encargar de atender a todos os pacientes, xunto aos posibles doentes que se atopen de vacacións ou facendo turismo na vila.

Evidentemente, o feito de non cubrir os períodos vacacionais dos profesionais da sanidade ten consecuencias que se ven tamén no Centro de Saúde da Pontenova. Por desgraza, neste mes de agosto volvemos ver esperas de máis dunha semana para ter unha cita médica, para obter os resultados dunhas análises ou para conseguir receitas médicas.

Todo isto conleva o evidente malestar dos e das doentes, a súa preocupación e o atraso na diagnose das súas doenzas. Alén disto, nestes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comezos do mes de setembro observamos que a situación empeora, xa que as citas médicas xa se datan para dúas semanas máis tarde.

Finalmente, as consecuencias tamén se poden observar no concello de Meira no que está o PAC, que debido ás derivacións que reciben poden comprobar como a saturación é cada vez maior.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta escrita:

- Considera a Xunta de Galiza que a situación do Centro de Saúde da Pontenova é a axeitada?
- Vai a Xunta de Galiza cubrir con máis profesionais sanitarios calquera baixa laboral ou período vacacional que afecte aos e ás traballadoras do Centro de Saúde da Pontenova?
- Cre a Xunta de Galiza que os e as habitantes da Pontenova están ben atendidos e atendidas cun só médico no seu Centro de Saúde?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 07/09/2023 12:29:08

María Montserrat Prado Cores na data 07/09/2023 12:29:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Comité de Empresa da compañía Atento acordou por unanimidade para todo o Servicio de Atento Teleservicios, incluídas as contratacións por ETT, un paro de 24 horas, ademais dunha concentración co fin de esixir á empresa a readmisión de 5 persoas traballadoras despedidas e en defensa dos postos de traballo.

Alude o comité en que a empresa está procedendo o despedimento, de novo, de traballadores e traballadoras sen causa que o xustifique baseados en mentiras de baixo rendemento, coa intención de desmantelar sen motivo a quenda do fin de semana.

Os despidos se encadran dentro dun proceso de desmantelamento que vén sufrindo o sector do Telemarketing en Galicia nos últimos anos.

A esta circunstancia hai que engadir que nos últimos anos a empresa non procede a cobertura das vacantes xeradas por xubilacións, despidos ou incapacidades.



Por ilo, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que previsión de actuación ten o Goberno galego ante a problemática existente na empresa Atento situada na Coruña?
2. Ten previsto o Goberno galego reunirse cos representantes das persoas traballadoras co fin de coñecer de primeira man a problemática existente así como a perda de postos de traballo que se prevén na compañía?
3. Conta o Goberno galego dun plan de actuación concreto ante a perda continuada de postos de traballo no sector do Telemarketing en Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
213922

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2023 12:44:03
Nº Rexistro: 59149
Data envío: 07/09/2023 12:44:03.260

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/09/2023 12:42:27

Pablo Arangüena Fernández na data 07/09/2023 12:42:37

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2023 12:42:49

Marina Ortega Otero na data 07/09/2023 12:42:59

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
213923

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A saúde mental continúa a ser un dos graves problemas que presenta o sistema público de saúde, pola súa deficiente dotación de recursos para afrontar as patoloxías que, cada vez máis, están máis presentes e máis identificadas entre a sociedade.

O avance na visibilización e normalización da presenza da saúde mental como un fundamental indicador de saúde das persoas avanza imparablemente na actualidade, favorecendo a imaxe colectiva da necesaria relevancia que este servizo debe ter dentro do sistema público de saúde. Non en tanto, a atención que a saúde mental recibe no conxunto de España é desigual en función das comunidades autónomas e dos sistemas autonómicos que son os responsables da xestión. Estas desigualdades percíbense de maneira clara na dotación de recursos humanos en saúde mental, así como a estrutura asistencial que intenta dar resposta ás necesidades.

Galicia atópase na cola das comunidades autónomas de España no que fai referencia ás ratios de profesionais por habitante nas categorías de psiquiatría, psicoloxía clínica ou enfermería especialista en saúde mental. Mais a realidade das necesidades é moi dura, pois Galicia tamén se sitúa entre as comunidades autónomas de España con maior taxa de consumo de psicofármacos, e entre as que rexistran o maior volume de suicidios anuais.



O problema de recursos humanos afecta á accesibilidade de maneira grave, pois a media de esperas para unha primeira cita en saúde mental no sistema público sitúase no entorno dos 4 meses, segundo apuntan os profesionais propios do Sergas. Esta situación, inaceptable, leva anos sen recibir a atención necesaria por parte do Goberno galego responsable da xestión do sistema sanitario.

A situación é incluso máis preocupante no área infanto – xuvenil. Os últimos tempos, especialmente ao fío das consecuencias provocadas pola pandemia, alertaron ante a sociedade un problema que estaba xa sendo obxecto de moita preocupación entre os profesionais da saúde mental. O aumento de episodios de problemas en saúde mental en idades temperás e adolescencia aumentan de maneira exponencial, e isto está derivando en consecuencias graves, como aumento de ata 20 % en trastornos alimentarios (*Programa de prevención primaria e secundaria de trastornos alimentarios na ESO*, Fundación Fita). Recentes estudos académico – profesionais (Cuéllar – Flores y otros, 2022) apuntan a necesidade fundamental de incrementar recursos en atención infanto – xuvenil, e sinalan tamén neste área a existencia dunha enorme desigualdade entre comunidades autónomas neste campo, con Galicia sinalada de maneira negativa.

A pesares disto, Galicia sigue cun rumbo errático no deseño do sistema asistencial de saúde mental. A unha deficitaria dotación de recursos humanos súmase a falta de claridade dun modelo que eliminou centros psiquiátricos sen crear unha rede alternativa de espazos no territorio para dar solucións e saídas aos casos que precisan ingreso, así como a paupérrima convicción da necesidade de vincular a saúde mental coa rede de atención primaria como sinalan todas as propostas actuais para mellorar a accesibilidade en saúde mental e que Galicia deu por resolta coa incorporación dun único profesional de psicoloxía para cada área sanitaria.



Outros problemas de organización de sistema, como a absorción por parte do Sergas dos centros de atención a condutas aditivas, hoxe xestionados por algúns concellos (o que resulta enormemente ineficiente por ser unha asistencia clínica) tamén amosan a falta de compromiso real dos dirixentes sanitarios de Galicia. Peor perspectiva existe ao saber que varias destas cuestións teñen sido obxecto de debate vía parlamentaria con dous tipos de resultados: rexeitamento por parte do propio goberno galego e do Partido Popular, ou aprobación parlamentaria que termina por incumprirse e fai continuar o problema. Particularmente en marzo de 2021 unha proposta do PSdeG-PSOE acadou varios acordos unánimes no Parlamento que terminaron por ser ignorados en boa parte polo Goberno galego.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como explica o Goberno de Galicia o seu incumprimento repetido respecto das necesidades en saúde mental en Galicia tras acordos parlamentarios para afrontalas?
2. Considera o Goberno de Galicia que os datos sobre saúde mental en Galicia validan como efectiva a súa política respecto destes servizos e a súa planificación e dotación de recursos?
3. Cre o Goberno galego que debe fortalecer o modelo dun grande hospital psiquiátrico en Galicia, situado agora en Conxo, ou debe orientar o sistema a centros máis atomizados e con vinculación territorial específica?
4. Cando considera o Goberno de Galicia que deberían existir unha unidade de hospitalización infante – xuvenil en cada área sanitaria?
5. Estima o Goberno galego que é eficiente que parte dos servizos sanitarios asistenciais sexan ofrecidos dende as administracións locais como ocorre coas unidades de condutas aditivas?

Santiago de Compostela, 7 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2023 12:45:45
Nº Rexistro: 59155
Data envío: 07/09/2023 12:45:45.963

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/09/2023 12:38:03

Marina Ortega Otero na data 07/09/2023 12:38:11

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
213927

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a aprobación da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de agosto do ano 2022 a Xunta someteu a procedemento de información pública o proxecto de orde pola que se aproba a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxica. Durante o prazo para remitir suxestións, que rematou o 24 de outubro de 2022, recibíronse 9 achegas.

Desde o mes de outubro de 2022 non hai constancia de avances na tramitación e aprobación deste instrumento de protección ambiental, necesario para corrixir e complementar a escasa protección que ten o noso territorio en materia de espazos naturais e biodiversidade.

Cómpre ter en conta que desde o ano 2017 a Xunta vén anunciando a elaboración e aprobación da Estratexia, e que en 2018 iniciáronse os traballos para a elaboración da Estratexia de Infraestrutura Verde da área da Coruña.

Transcorridos 5 anos desde o primeiro anuncio e case un ano desde o remate do procedemento de información, consideramos que é urxente aprobar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

este instrumento de xestión das infraestruturas verdes, de conectividade e de restauración ecolóxica.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a razón do retraso da aprobación da Estratexia de infraestrutura verde?

Cando prevé a Xunta aprobar a citada Estratexia?

Cales son as consecuencias do retraso na aprobación da estratexia?

Que orzamentos prevé a Xunta destinar ao desenvolvemento da Estratexia?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 07/09/2023 16:24:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 07/09/2023 16:25:01

Alexandra Fernández Gómez na data 07/09/2023 16:25:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación socio-económica e laboral na Galiza que se reflicte nos datos do desemprego no mes de agosto do SEPE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha análise seria e responsable da situación social, económica e laboral do noso país esixe un estudo de conxunto de diferentes indicadores. O estudo deses indicadores como elementos estanco impide ter unha visión global da realidade socio-económica galega e limita (e condiciona) a adopción por parte do goberno galego, dentro das súas competencias, de medidas realmente efectivas que permitan transformar e mellorar a nosa realidade.

Os datos de desemprego de Galiza do mes de agosto, publicados polo Servizo Público de Emprego Estatal fai uns días, analizados con rigor e perspectiva, amosan que o noso mercado de traballo segue a sufrir de determinados males que xa podemos definir como estruturais.

En relación ao mes de xullo, en agosto hai máis persoas desempregadas no SEPE (+0,22%), mentres descende a afiliación á seguridade social en 4.217 persoas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(-0,4%) . Nunha economía como a galega, excesivamente dependente do sector servizos e do turismo, hai que vincular eses datos á estacionalidade e á previsión de descenso do número de visitantes na chamada tempada baixa.

Son datos que manifestan a debilidade do noso mercado laboral, precisamente por ter unha economía excesivamente dependente do sector servizos (e polo tanto da estacionalidade) mentres a industria languidece no noso país. A estacionalidade que impera no sector servizos segue a condicionar os datos de afiliación e provoca a caída dos contratos indefinidos mentres aumentan os temporais. Os datos do SEPE evidencian que foi, máis unha vez, no sector servizos (o máis precario, temporal e con salarios máis baixos) onde se rexistraron as novas persoas desempregadas. E que de novo as mulleres sofren dunha maior inestabilidade laboral, ao haber un 0,7% de desempregadas máis en relación co mes anterior, mentres entre os homes o paro baixou. A isto hai que hai que sumarlle un descenso do número de contratos asinados en agosto; e dos asinados, aumentan os temporais. De novo, a temporalidade e a precariedade.

Ademais, no relativo aos salarios e pensións Galiza segue a ocupar os vagóns de cola, xa non só respecto a Europa (a remuneración media mensual galega é un 25,3% máis baixa que a media europea), senón tamén en relación á remuneración media española, 150 euros máis alta.

Esta situación laboral comunica de xeito directo coa socio-económica. Así, a Enquisa de Condicións de Vida publicada polo Instituto nacional de Estatística antes do verán alertaba do feito que un de cada catro galegos e galegas se atopa en risco de pobreza ou exclusión social. O que supón que o 23,6% da cidadanía galega está nesa situación. Unha porcentaxe que diminúe lixeiramente en relación ao ano anterior





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pero que é, en calquera caso, moi elevada. Ademais, un 39,1% de galegos e galegas non pode permitirse ir de vacacións, e o 29,3% non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos.

É evidente que entre o laboral, social e económico hai vaso comunicantes, que explican a realidade actual da Galiza.

Por todo isto é imprescindible un cambio de rumbo nas políticas implementadas até o de agora polo goberno galego, para así impulsar os nosos sectores produtivos e, nomeadamente, a industria, que se amosa coma un piar para fortalecer a nosa economía, favorecendo a creación de emprego estable e de calidade que mellore a situación das maiorías sociais do noso país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno galego os datos de desemprego rexistrado do mes de agosto?
- Considera que eses datos amosan un mercado laboral forte e dinámico?
- Considera o goberno galego que a nosa economía depende en exceso do sector servizos?
- Considera o goberno galego que a temporalidade é un problema estrutural do mercado de traballo galego?
- Cal considera o goberno galego que é a causa da temporalidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas pensa aplicar para atallar a temporalidade?
- Considera o goberno galego que as políticas aplicadas até o de agora resolveron a concreta problemática de mulleres e xente moza dentro do mercado de traballo galego?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 07/09/2023 16:55:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/09/2023 16:55:39

Noa Presas Bergantiños na data 07/09/2023 16:55:50



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: "Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira." E no artigo 105.1 establece: "de conformidade coa



lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia, porén, a día de hoxe, este segue a estar pendente do se desenvolvemento.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:



1. Antecedentes

2. Introducción

3. Propostas

E neste último punto hai varios apartados, entre os que se inclúe:

3.1. Financiamento local.

3.1.3.Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.

3.1.4.Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño de 2020, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e se establece o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais puideran saír desa crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás, medidas previstas dentro do punto 4.2 do dito plan:

- 4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais
- 4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento
- 4.2.3 Medidas sociais
- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas
- 4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, unha vez máis, todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia a través dun plan de reequilibrio territorial.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada lexislatura polo cambio aprobado



no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X e o que vai desta XI Lexislaturas a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que teñen incrementado as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñan achegado o financiamento necesario para poder desenvolverlas.

Nesta lexislatura, chegouse ao acordo de facer esta delimitación de competencias de cada administración e o seu financiamento, polo que despois de non poder acordar o xeito de elaborar o estudo, ambas partes deciden que cada un elabore un estudo sobre esta materia, estudos que foron elaborados e presentados, e xa se mantivo a primeira reunión conxunta para chegar a acordos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai o Goberno galego acordar coa Fegamp, neste exercicio 2023, a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade autónoma de Galicia, os criterios de reparto das subvencións convocadas pola administración autonómica e a elaboración dun Plan de reequilibrio territorial?

Santiago de Compostela, 7 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2023 17:43:26
Nº Rexistro: 59180
Data envío: 07/09/2023 17:43:26.291

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/09/2023 17:39:48

Paloma Castro Rey na data 07/09/2023 17:40:00

Pablo Arangüena Fernández na data 07/09/2023 17:40:12

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
213939

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 27.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa en documentos anexos o balance e conta de resultados do exercicio 2022, para a súa publicación no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de xullo do 2023

Luis Manuel
Álvarez
Martínez

Firmado digitalmente por Luis
Manuel Álvarez Martínez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Luis Manuel Álvarez Martínez,
email=luis.alvarez.martinez@parla-
mentodegalicia.es
Fecha: 2023.07.04 09:55:52 +02'00'



CONTA DE RESULTADOS DO GRUPO PARLAMENTARIO DO PSdeG-PSOE

2022

CONTA DE RESULTADOS		
	(Debe)	Haber
1. Ingresos de orixe pública		499.061,88
A) TOTAL INGRESOS DA XESTIÓN ORDINARIA		499.061,88
2. Gastos de persoal	120.256,53	
3. Achegas a formación política	370.238,55	
4. Gastos da actividade ordinaria	15.481,74	
5. Amortización do inmovilizado	225,12	
B) TOTAL GASTOS DA XESTIÓN (2+3+4+5)	506.201,94	
I. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO DA ACTIVIDADE ORDINARIA (A+B)	(7.140,06)	
6. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		
II. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DA ACTIVIDADE NON ELECTORAL (I+6)	(7.140,06)	
7. Gastos financeiros		
8. Ingresos financeiros		
III. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (7+8)		
IV. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DO EXERCICIO (II+III)	(7.140,06)	



BALANCE DE SITUACIÓN DO GRUPO PARLAMENTARIO DO PSdeG-PSOE

2022

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE	3.298,88
I. Inmobilizado	3.298,88
II. Investimentos financeiros a longo prazo	
B) ACTIVO CORRENTE	27.692,07
I. Existencias	
II. Debedores e outras contas a cobrar	
III. Investimentos financeiros a curto prazo	
IV. Periodificacións a curto prazo	
V. Tesouraría	27.692,07
TOTAL ACTIVO (A+B)	30.990,95

PATRIMONIO NETO E PASIVO	
A) PATRIMONIO NETO	19.366,24
A-1) Patrimonio xerado	
I. Excedentes anteriores	26.506,30
II. Excedentes do exercicio	-7.140,06
A-2) Variacións patrimoniais pendentes de imputación a resultados	
B) PASIVO NON CORRENTE	
I. Provisións a longo prazo	
II. Débedas a longo prazo	
C) PASIVO CORRENTE	11.624,71
I. Provisións a curto prazo	
II. Débedas a curto prazo	10.770,40
III. Acredores e outras contas a pagar	854,31
IV. Periodificacións a curto prazo	
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	30.990,95



Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/07/2023 9:55:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2023 09:56:47
Nº Rexistro: 55029
Data envío: 04/07/2023 09:56:47.099

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, e conforme ao acordo da Mesa do Parlamento do 27 de xuño no que se require aos grupos parlamentarios a contabilidade específica da subvención recibida con cargo ao orzamento do Parlamento correspondente ao exercicio 2022, presenta o **Balance de situación** e a **Conta de resultados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego do exercicio 2022** en base aos modelos aprobados pola Mesa do Parlamento que se anexan a este escrito.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2023

Ana

Pontón

Mondelo

Firmado
digitalmente por
Ana Pontón
Mondelo
Fecha:
2023.07.05
12:19:44 +02'00'

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BALANCE DE SITUACIÓN DO GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

2022

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE	0,00
I. Inmobilizado	0,00
II. Investimentos financeiros a longo prazo	0,00
B) ACTIVO CORRENTE	42.677,16
I. Existencias	0,00
II. Debedores e outras contas a cobrar	0,00
III. Investimentos financeiros a curto prazo	0,00
IV. Periodificacións a curto prazo	0,00
V. Tesouraría	42.677,16
TOTAL ACTIVO (A+B)	42.677,16

PATRIMONIO NETO E PASIVO	
A) PATRIMONIO NETO	37.057,55
A-1) Patrimonio xerado	37.057,55
I. Excedentes anteriores	75.345,04
II. Excedentes do exercicio	-38.287,49
A-2) Variacións patrimoniais pendentes de imputación a resultados	0,00
B) PASIVO NON CORRENTE	0,00
I. Provisións a longo prazo	0,00
II. Débedas a longo prazo	0,00
C) PASIVO CORRENTE	5.619,61
I. Provisións a curto prazo	0,00
II. Débedas a curto prazo	0,00
III. Acredores e outras contas a pagar	5.619,61
IV. Periodificacións a curto prazo	0,00
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	42.677,16



CONTA DE RESULTADOS DO GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
2022

CONTA DE RESULTADOS		
	(Debe)	Haber
1. Ingresos de orixe pública		609.282,48
A) TOTAL INGRESOS DA XESTIÓN ORDINARIA		609.282,48
2. Gastos de persoal	81.163,44	
3. Achegas a formación política	550.000,00	
4. Gastos da actividade ordinaria	16.406,53	
5. Amortización do inmovilizado		
B) TOTAL GASTOS DA XESTIÓN (2+3+4+5)	647.569,97	
I. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO DA ACTIVIDADE ORDINARIA (A+B))	-38.287,49	
6. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		
II. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DA ACTIVIDADE NON ELECTORAL (I+6)	-38.287,49	
7. Gastos financeiros	0,00	
8. Ingresos financeiros	0,00	
III. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (7+8)	0,00	
IV. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DO EXERCICIO (II+III)	-38.287,49	



Asinado dixitalmente por:


Ana Pontón Mondelo na data 05/07/2023 12:19:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2023 12:44:35
Nº Rexistro: 55067
Data envío: 05/07/2023 12:44:35.276

CSV: BOPGDSPG-naIMTTQvw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 27.2 do Regulamento da Cámara, presenta anexos a este escrito o seu balance e conta de resultados do exercicio contable 2022, en base aos modelos aprobados pola Mesa do Parlamento.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2023.

Asdo. Pedro Puy Fraga
Portavoz



CONTA DE RESULTADOS DO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA
2022

CONTA DE RESULTADOS		
	(Debe)	Haber
1. Ingresos de orixe pública		1.116.297,24
A) TOTAL INGRESOS DA XESTIÓN ORDINARIA		1.116.297,24
2. Gastos de persoal	594.469,15	
3. Achegas a formación política	500.000,00	
4. Gastos da actividade ordinaria	47.656,58	
5. Amortización do inmovilizado	1.175,64	
B) TOTAL GASTOS DA XESTIÓN (2+3+4+5)	1.143.301,37	
I. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO DA ACTIVIDADE ORDINARIA (A+B)	-27.004,13	
6. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		
II. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DA ACTIVIDADE NON ELECTORAL (I+6)	-27.004,13	
7. Gastos financeiros		
8. Ingresos financeiros		750,25
III. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (7+8)		750,25
IV. RESULTADO (AFORRO OU DESAFORRO) DO EXERCICIO (II+III)	-26.253,88	



BALANCE DE SITUACIÓN DO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

2022

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE	2.812,11
I. Inmobilizado	2.812,11
II. Investimentos financeiros a longo prazo	
B) ACTIVO CORRENTE	1.057.218,14
I. Existencias	
II. Debedores e outras contas a cobrar	
III. Investimentos financeiros a curto prazo	
IV. Periodificacións a curto prazo	
V. Tesouraría	1.057.218,14
TOTAL ACTIVO (A+B)	1.060.030,25

PATRIMONIO NETO E PASIVO	
A) PATRIMONIO NETO	1.017.171,97
A-1) Patrimonio xerado	1.017.171,97
I. Excedentes anteriores	1.043.425,85
II. Excedentes do exercicio	-26.253,88
A-2) Variacións patrimoniais pendentes de imputación a resultados	
B) PASIVO NON CORRENTE	
I. Provisións a longo prazo	
II. Débedas a longo prazo	
C) PASIVO CORRENTE	42.858,28
I. Provisións a curto prazo	
II. Débedas a curto prazo	
III. Acredores e outras contas a pagar	42.858,28
IV. Periodificacións a curto prazo	
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	1.060.030,25



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 7ª**.

Os incendios forestais son cada día de maior envergadura sendo cada vez máis frecuente maior o risco para as vidas das persoas e os seus bens. Certo que cando se produce un incendio forestal, os profesionais do Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia, póñense a dar o mellor de si mesmos para que os lumes que se controlan antes de alcanzar a superficie de 1 hectárea sexan unha alta porcentaxe.

Aínda cun servizo con tanta experiencia e de demostrada eficacia, cabe dicir que sobre 2/3 do persoal do servizo ten unha vinculación laboral de carácter temporal, nas que nin se lle dá solución a estabilización e consolidación dos seus postos de traballo nin aumento de labores durante a totalidade do ano, co fin de que se realicen as tarefas preventivas antes da tempada de alto risco, tales como queimas prescritas, podas, rozas, puntos de auga etc ...

De feito facemos un relatorio das OPES Pendentes de finalización en relación con este persoal:



OPE 2016

PERSOAL LABORAL

PROMOCIÓN INTERNA:

CONVOCATORIA: DOG Núm. 182 Luns, 25 de setembro de 2017

ORDE do 18 de setembro de 2017 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna e cambio de categoría, nas categorías 14 (bombeiro/a forestal), 14A (bombeiro/a forestal condutor), 10B (vixilante fixo/a de defensa contra incendios forestais) e 10C (emisorista de defensa contra incendios forestais), correspondentes ao grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia

Prazas convocadas:

- IV-033 (bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba): 30
- V-14 (bombeiro/a forestal): 22
- V-14A (bombeiro/a forestal condutor): 22
- V-10B (vixilante fixo/a de defensa contra incendios forestais): 10
- V-10C (emisorista de defensa contra incendios forestais): 10

BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR/A DE MOTOBOMBA: 30 PRAZAS

Convocatoria: ORDE do 18 do setembro de 2017 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna e cambio de categoría, na categoría 033 (bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba) do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia

Resolución do proceso en **PROVISIONAL**

RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2021 pola que se nomean como persoal laboral fixo na categoría 033 (bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba) do grupo IV da Xunta de Galicia, as persoas aspirantes que



superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 18 de setembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia número 182, do 25 de setembro). DOG núm. 130 do venres, 9 de xullo de 2021.

BOMBEIRO/A FORESTAL: 22 PRAZAS

Convocatoria: ORDE do 18 de setembro de 2017 pola que se convoca o proceso selectivo. DOG núm. 182 do 25.9.2017

Resolución do proceso en **PROVISIONAL**

RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2021 pola que se procede ao nomeamento como persoal laboral fixo na categoría 14 (bombeiro/a forestal) do grupo V da Xunta de Galicia, das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 18 de setembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia número 182, do 25 de setembro). DOG Núm. 130 Venres, 9 de xullo de 2021.

BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUTOR: 22 PRAZAS

Convocatoria: ORDE do 18 de setembro de 2017 pola que se convoca o proceso selectivo. DOG núm. 182 do 25.9.2017

Resolución do proceso en **PROVISIONAL**

RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2021 pola que se nomean como persoal laboral fixo na categoría 14A (bombeiro/a forestal condutor) do grupo V da Xunta de Galicia as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 18 de setembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia número 182, do 25 de setembro) (DOG Núm. 130 Venres, 9 de xullo de 2021)



VIXILANTE FIXO/A DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS: 10 PRAZAS

Resolución do proceso en **PROVISIONAL**

RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2021 pola que se procede ao nomeamento, como persoal laboral fixo na categoría 10B (vixilante fixo/a de defensa contra incendios forestais) do grupo V da Xunta de Galicia, das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 18 de setembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia número 182, do 25 de setembro). DOG Núm. 130 Venres, 9 de xullo de 2021

EMISORISTA DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS: 10 PRAZAS

Resolución do proceso en **PROVISIONAL**

RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2021 pola que se nomean como persoal laboral fixo na categoría 10C (emisorista de defensa contra incendios forestais) do grupo V da Xunta de Galicia as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 18 de setembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia número 182, do 25 de setembro). DOG Núm. 130 Venres, 9 de xullo de 2021

OPE 2019

PERSOAL FUNCIONARIO:

- C2 Escala 207S : Emisorista/vixiante fixo/a
- C2 Escala 207T : Bombeiro forestal – condutor motobomba
- C2 Escala 207U : Bombeiro forestal

Convocatoria: Orde do 28 de febreiro de 2019 (DOG nº 44, 04/03/2019, páx. 12.248) Para cubrir 269 prazas de SPIF, 66 para promoción interna e reservándose 5 prazas para discapacidade. (ACUMULACIÓN DAS OPE: 2016/2017/2018)



	LIBRE	DISC	PRO. INTERNA	TOTAL
Emisorista/vixiante	52	5	18	75
Bombeiro forestal/conductor motobomba	60		20	80
Bombeiro forestal	86		28	114

Acreditación de méritos: RESOLUCIÓN do 5 de abril de 2022 (DOG nº 69, 08/04/2022, páx. 22.630).

Baremación provisional: RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2023 (DOG nº 53, 16/03/2023, páx. 18.297).

RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2023, do tribunal cualificador do proceso selectivo para o ingreso na escala de auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, subgrupo C2, nas especialidades de emisorista/vixilante fixo/a, bombeiro forestal-conductor de motobomba e bombeiro forestal, do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado pola Orde do 28 de febreiro de 2019 (Diario Oficial de Galicia número 44, do 4 de marzo) pola que se fai pública a baremación provisional da fase de concurso.

Ante esta grave situación considera o Grupo parlamentario Socialista que o desinterese do Goberno Galego en relación do persoal do Servizo de prevención de incendios é evidente e está afectando a prestación dun servizo esencial para a seguridade das persoas e os seus bens



Tendo presente que Galicia é, dende sempre a Comunidade máis afectada do Estado por incendios forestais tanto en aspectos de porcentaxe de superficie afectada, número de incendios e número de grandes incendios forestais (>500 hectáreas) está máis que demostrada a necesidade de realizar unha política activa de prevención, dirixida a minimizar o risco para a poboación e os seus bens, con actuacións decididas e encamiñadas a separar o monte dos núcleos e asegurar as vías de comunicación para evitar atrapamentos en época estival, que é cando aumentan as poboacións pola afluencia turística.

E non podemos deixar de mencionar por importante que o Goberno galego incumpre de forma sistemática o ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia.

Semella que a única vacina que ten o Goberno galego é: ti vai facendo a ver se cola.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. A que se debe o desinterese mantido polo Goberno galego en relación coas OPE que afectan ao persoal do servizo de prevención de incendios forestais?
2. Considera o Goberno galego que a porcentaxe de persoal de carácter eventual do SPIF é sostible?



3. Considera o Goberno galego que a situación descrita garante a eficacia no funcionamento dun servizo esencial como é este?

4 Cal é a previsión do Goberno galego para mudar a curto ou medio prazo esta situación?

5. Como ten previsto o Goberno galego enfrontar a xubilación do 40 % do persoal do SPIF que se vai producir nos próximos dez anos?

6. Cal é a distribución actual de prazas por categorías, distribuídas por direccións xerais e por distritos con especificación da situación administrativa actual (funcionarios, laborais fixos e laborais temporais)?

7. Considera o Goberno galego suficiente o persoal que realiza labores en inverno para executar a totalidade do Pladiga con 2.000 ha. de queimas prescritas e tarefas de roza, poda e mantemento de puntos de auga?


Pazo do Parlamento, 9 de agosto de 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/08/2023 15:03:24

Martín Seco García na data 09/08/2023 15:03:46





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

